A este respecto, a Xunta de Galicia leva anos poñendo á súa disposición axudas orientadas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais, á dixitalización e modernización tecnolóxica e á mellora da seguridade e saúde no contorno laboral da industria forestal galega e do contract, é dicir, subvencións como as que integran o programa Xera-Valor. Esta convocatoria enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027 e responde ao reto 1 (Modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación) a través da prioridade 1 (Sustentabilidade) e 2 (Dixitalización). Ten como obxectivo estratéxico equilibrar a excelencia na investigación e a súa aplicabilidade no mercado (obxectivo estratéxico 2), e intégrase, polo tanto, no programa Innova e Emprende da RIS3 de Galicia e no programa Innovación e Emprendemento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

Un programa que nace coa vontade de poñer en valor e pechar o ciclo produtivo dos recursos forestais na comunidade, promovendo a segunda transformación e aproveitando as oportunidades que ofrece o crecemento da demanda de produtos derivados da madeira en sectores clave como o da construción, ao tempo que avanzar en retos globais como a descarbonización da nosa economía e a sustentabilidade dos recursos naturais e patrimoniais de Galicia.

Por todo o exposto, e tendo en conta o impacto que estas políticas están a ter no fortalecemento do noso tecido empresarial e na modernización do sector forestal, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte pregunta para comisión:

- Cal é a valoración que realiza o Goberno galego respecto do alcance das axudas do programa Xera-Valor?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 20/11/2025 18:26:51

Cristina Sanz Arias na data 20/11/2025 18:27:06

Miguel Fidalgo Iglesias na data 20/11/2025 18:27:18

María Encarnación Amigo Díaz na data 20/11/2025 18:27:37

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/11/2025 18:27:47

María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/11/2025 18:27:55

Ángel Rodríguez Conde na data 20/11/2025 18:28:14

Moisés Rodríguez Pérez na data 20/11/2025 18:28:27

Borja Vereza Fraiz na data 20/11/2025 18:28:41



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 18:28:56**  
**Nº Rexistro: 39097**  
Data envío: 20/11/2025 18:28:56.815

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/11/2025 18:28:57

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/11/2025 13:22:46  
**Nº Rexistro: 39028**  
Data envío: 20/11/2025 13:22:46,390

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro e Carmen Rodríguez Dacosta**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral** na **Comisión de Control da Corporación dos Servizos Audiovisuais de Galicia**.

Unha vez máis a TVG sorpréndenos cun programa de “entretenemento” no que temos a oportunidade de atopar ao presentador/cantante Bertín Osborne derrochando unha simpatía mal entendida na que os valores da educación, o feminismo e mesmo a consideración e respecto por unha tradición quedan cuestionados con unha chanza torpe e falta de gracia, no que pretendía ser unha especie de humor mal xestionado.

Comentarios como “que enviasen a su casa” as mulleres que estivesen dispostas a seguir unha tradición do baño das 9 olas para acadar un embarazo, ou as referencias ao traseiro da presentadora sen ningún tipo de explicación positiva sobre o humor foron algunhas das lindezas do programa “A miña gran cidade”.

Por máis que o intentemos, desde o Grupo Parlamentario Socialista non atopamos ningún rastro de humor (intelixente) nas chanzas nas que os comentarios machistas, sen ningún tipo de ironía ou interpretación máis alá do concepto, son unha canteira de despropósitos que van desde Land Rover, Miguel Lago ou o propio Osborne e que en nada axudan a encontrar un estilo de humor irónico, intelixente e crítico.

Por riba, de habitude este humor vai contra os postulados femininos sen ningún tipo de paliativo. Entrando a desentramar o lado máis escuro e rancia do

Asinado o día 20/11/2025 ás  
13:20  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 20/11/2025 ás  
13:20  
Por Silvia Longueira Castro

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

138275

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa11j-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/11/2025 13:22:46  
**Nº Rexistro: 39028**  
Data envío: 20/11/2025 13:22:46,390

programa. Dando ademais un exemplo a unha infancia e adolescencias que as deixa completamente fóra de xogo.

E, ante todo, están pagados con cartos públicos. Con cartos de todas as galegas e galegos que observan un deterioro rápido e de mirada corta na empresa da TVG.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cando pensa a directora xeral reprobar e pedir desculpas á cada vez máis escasa audiencia da TVG?

Santiago de Compostela, a 20 de novembro do 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

138276

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 20/11/2025 13:20:05

Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/11/2025 13:20:11



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 13:22:46**  
**Nº Rexistro: 39028**  
Data envío: 20/11/2025 13:22:46,390

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 13:22:46**  
**Nº Rexistro: 39028**  
Data envío: 20/11/2025 13:22:46,390

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/11/2025 13:22:46

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Sr. Presidente:**

**Oscar Insua Lema**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento da Cámara, **SOLICITA** lle sexa facilitada a seguinte documentación:

-O acceso e copia do estudo redactado de alternativas para a mellora do saneamento na parroquia de San Martiño de Lariño, no concello de Carnota, adxudicado á empresa Aguilar del Moral Arquitectura e Ingeniería SLP por Augas de Galiza en decembro do ano 2021.

-O acceso ao expediente OH-315.995 de Augas de Galiza, sobre este mesmo asunto, o saneamento na parroquia de Lariño.

-Os convenios asinados co concello de Carnota, ou os contratos adxudicados ou preparación dos mesmos relacionados con algunha das fases das obras do saneamento de Lariño, en Carnota.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALIZA**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Óscar Insua Lema na data 21/02/2025 10:35:36**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2025 10:35:47**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

**Sr. Presidente:**

**Oscar Insua Lema**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento da Cámara, **SOLICITA** a seguinte información:

Copia dos anteprojectos de obra de mellora nas travesías da Avda. Fernando Blanco e Avda. de Fisterra, no concello de Cee.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALIZA**

Asinado o día 02/10/2025 ás  
16:32  
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 02/10/2025 ás  
16:32  
Por Oscar Insua Lema



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 02/10/2025 16:32:44

Ana Pontón Mondelo na data 02/10/2025 16:32:51



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/10/2025 16:33:37**  
**Nº Rexistro: 35503**  
Data envío: 02/10/2025 16:33:37,337

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/10/2025 16:33:37**  
**Nº Rexistro: 35503**  
Data envío: 02/10/2025 16:33:37,337

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 16:33:37

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Manuel Golpe Acuña**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os cortes de luz no concello de Mazaricos.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A normativa sobre calidade do subministro eléctrico establece obrigas concretas para as empresas distribuidoras, co obxectivo de garantir a continuidade, fiabilidade e seguridade da electricidade que chega aos usuarios. A falta deste servizo ten impactos especialmente graves no medio rural, afectando tanto á vida das persoas como á actividade das explotacións gandeiras.

O subministro eléctrico está regulado pola Lei 24/2013, do Sector Eléctrico, que fixa mecanismos de control e índices obxectivos de calidade do servizo, obrigando ás empresas distribuidoras a garantir que as interrupcións teñen límites máximos de duración e frecuencia. Estes parámetros deben cumprirse tanto para cada usuario como para cada contorna territorial, segundo a normativa estatal e europea (Norma UNE-EN 50160). Ademais, as empresas están legalmente obrigadas a manter, mellorar e reparar as redes eléctricas, facilitando información auditada sobre a calidade do servizo ás administracións públicas.

A falta de continuidade ou as interrupcións reiteradas no subministro eléctrico teñen efectos especialmente lesivos nas zonas rurais. As familias ven alteradas actividades básicas como a conservación de alimentos, calefacción, iluminación e, no caso das persoas maiores, a seguridade no fogar. Nas explotacións gandeiras, os cortes afectan á

Asinado o día 14/11/2025 ás  
13:33  
Por José Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

alimentación, muxida e benestar animal, podendo provocar perdas económicas significativas e danos medioambientais por descontrol dos sistemas automatizados.

Pero son moitos os servizos afectados por estes cortes, dende o centro de saúde, centro de ensino, comercio local, ata grandes centros de traballo que ven alterada a súa actividade cotiá.

O Concello de Mazaricos ven sendo afectado por cortes de subministro de diferentes tempos de duración, tendo rexistrados máis de corenta micro cortes nunha soa maña na Picota, e outros de varias horas que afectaron á parroquia de Corzón.

A liña de media tensión que abastece de enerxía eléctrica, á meirande arte das parroquias de Mazaricos (Pontella 3), incluída a capital municipal, A Picota, da servizo a máis de 3.500 persoas. Polo tanto, os micro cortes e os cortes prolongados, non só lle afectan á Picota ou a Corzón, senón que os padecen o 80% do territorio municipal. Esta liña discorre dende Brens (Cee) ata Mazaricos, polos montes de Cee e Dumbría, moi arborados e en estado de abandodono, onde o eucalipto campa ás súas anchas.

Ás consecuencias derivadas da falta de subministro eléctrico, hai que engadir as derivadas das oscilacións de tensión que se provocan cos continuos reenganches de liña. Sendo os aparellos electrónicos os principais damnificados.

Diante deste panorama, resulta imprescindible esixir o estrito cumprimento da lexislación e o control efectivo por parte da administración competente, garantindo que as empresas prestadoras do servizo eléctrico asuman, en caso de incumprimento, as responsabilidades legais e as compensacións aos usuarios afectados.

Do mesmo xeito, faise imprescindible que as empresas eléctrica asuman a responsabilidade de dar un servizo acorde co século XXI, nun contexto social de transición enerxética.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Coñece a Xunta de Galiza os reiterados problemas de subministro eléctrico que están a sufrir varias zonas do concello de Mazaricos?
2. De que datos dispón a Consellería de Industria sobre os tempos e número de interrupcións do servizo eléctrico no concello de Mazaricos.
3. Están estes tempos dentro dos mínimos esixidos pola lexislación vixente?
4. Está a Xunta facendo inspección das redes de distribución ?
5. Están as empresas distribuidoras reportando os datos de calidade eléctrica en tempo e forma?
6. Considera a Xunta que as indemnizacións vixentes para mitigar as consecuencias da falla de calidade eléctrica son suficientes?
7. Demandará a Xunta de Galiza a equiparación entre as zonas rurais e urbanas en materia de calidade eléctrica?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 14/11/2025 13:33:26



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/11/2025 13:36:39**  
**Nº Rexistro: 38804**  
Data envío: 14/11/2025 13:36:39.376

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/11/2025 13:36:39**  
**Nº Rexistro: 38804**  
Data envío: 14/11/2025 13:36:39.376

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/11/2025 13:36:39

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación sanitaria no Centro de Saúde de Salvaterra de Miño pola falta de persoal médico e pediátrico.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois dun verán sen apenas efectivos médicos e de pediatría no Centro de Saúde do Concello de Salvaterra de Miño, o pasado 7 de novembro os dous únicos médicos que atendían na instalación sanitaria colgaron nas portas das consultas e nos taboleiros de anuncios un cartel que titulaban “ESTAMOS SÓ DOUS MÉDICOS PARA ATENDER TODA A POBLACIÓN DE SALVATERRA”.

Fixaban unha prioridade asistencial centrada naqueles doentes que xa tiñan cita previa e as saídas a domicilios e urxencias, quedando relegadas calquera tipo de consulta médica ambulatoria que non fora estritamente unha urxencia.

Tamén engadían no mesmo comunicado: “As nosas cabezas pensantes non dan para mais, con esta saturación de traballo, desta maneira que nos fan traballar hai colapso entre as profesionais, que ao final non somos tan só nós as vítimas disto, senón tamén vós como doentes. Pero hai que entender que precisamos estar ben, para facer unha consulta de calidade”.

Isto reflicte o sentir e os padecementos que ten o persoal médico e sanitario en xeral, debido á falta de persoal en número suficiente para atender a unha poboación como neste caso é a de Salvaterra, de mais de 11.000 habitantes. Persoal que dificilmente poden

Asinado o día 17/11/2025 ás  
10:37  
Por Cristina Fernández Davila





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

desfrutar os seus días de permiso e cando están de vacacións non son substituídos, chegando a pecharse totalmente o centro de saúde durante o verán.

É entendible, pois, que o persoal médico, sometido a semellante presión de xeito constante teña cada vez maiores problemas de saúde mental, tendo que coller baixas laborais que tampouco se substitúen ou comisións de servizo por ese mesmo motivo. Quedando os cadros de persoal minguados e a veciñanza sen atender debidamente. De 5 prazas estables, unha delas leva mais dun ano sen cubrir e outras dúas as persoas médicas permanecen de baixa na actualidade, quedando tan só eses dous médicos/as que canalizan a súa frustración e impotencia a través da nota publicada no centro de saúde.

Como consecuencia directa, as citas para medicina de familia tardan semanas ou como nesta ocasión, as doentes xa non son atendidas salvo que sexa unha urxencia importante.

Así acontece tamén con respecto á veciñanza máis cativa que precisan atención pediátrica. Durante o verán pasado estiveron sen persoal especialista e sendo atendida en Ponteareas ou en caso urxente no Hospital Álvaro Cunqueiro e agora están pendentes do concurso de traslados, onde se prevé outra nova desbandada de persoal, porque nunha situación como a que hai en concellos como Salvaterra ou Ponteareas, o persoal sempre está de paso ao non dispoñer dunha calidade digna no seu traballo.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta escrita:

- Considera a Consellería de Sanidade que é de recibo para a poboación de Salvaterra unha desatención das súas doenzas de xeito case permanente pola falta de persoal médico e pediátrico nas épocas do verán pero agora tamén en calquera período do ano por mor das baixas laborais que non son substituídas?





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Non ten en conta o Sergas que ao manter unha situación laboral tan precaria entre o persoal médico e sanitario, ocasiona que as persoas profesionais recén graduadas opten por buscar traballo noutro sector que non sexa a sanidade pública?

- Vai a Consellería de Sanidade dotar ao centro de saúde de Salvaterra de Miño do persoal médico e pediatra necesario, así como para substituír as súas baixas laborais, vacacións e permisos e así prestar unha atención sanitaria de boa calidade á poboación feminina da Vila e da Comarca?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 17/11/2025 10:37:28



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/11/2025 10:39:56**  
**Nº Rexistro: 38820**  
Data envío: 17/11/2025 10:39:56,576

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/11/2025 10:39:56**  
**Nº Rexistro: 38820**  
Data envío: 17/11/2025 10:39:56,576

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/11/2025 10:39:57

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Manuel Golpe Acuña**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza elabore e aprobe unha Estratexia Autonómica de Loita contra a Pobreza Enerxética.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pobreza enerxética defínese, segundo a Directiva (UE) 2023/1791, como a situación na que un fogar non pode acceder aos servizos enerxéticos esenciais para manter a temperatura saudable da vivenda, debido a prezos altos dos subministros enerxéticos, falta de ingresos e ineficiencia enerxética da vivenda. Esta definición introduce grandes avances conceptuais ao recoñecer o acceso á enerxía como un dereito ligado á dignidade e á saúde, e ao establecer unha perspectiva multidimensional que vincula a pobreza enerxética con causas estruturais.

O Goberno do Estado está a traballar na elaboración da Estratexia Nacional contra a Pobreza Enerxética (ENPE) 2026 - 2030, que sucede á primeira estratexia implementada no período 2019 - 2024. O borrador da nova ENPE, actualmente en proceso de consulta pública, recoñece que "a pobreza enerxética entronca con múltiple normativa no ámbito enerxético, protección ao consumidor e transición enerxética", e establece tres obxectivos estratéxicos fundamentais:

1. Dispoñer dun coñecemento adecuado que permita ás administracións públicas e conxunto de axentes caracterizar e abordar eficazmente a pobreza enerxética.

Asinado o día 17/11/2025 ás  
10:55  
Por José Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2. Garantir a efectiva protección dos consumidores en situación de vulnerabilidade enerxética.

3. Promover a implementación de medidas estruturais orientadas a reducir a pobreza enerxética.

Crucialmente, o marco competencial definido pola Sentenza do Tribunal Constitucional 134/2021, de 6 de xullo, establece que a xestión de medidas de loita contra a pobreza enerxética corresponde ás comunidades autónomas, dado que se trata de actuacións englobadas nas competencias de asistencia social. Esta sentenza concluíu que "as medidas que haxan de adoptarse para conseguir a finalidade a que se destinan os recursos deberán respectar o orde constitucional e estatuario de competencias", obrigando ao Estado a transferir os fondos e permitir a execución descentralizada das axudas.

Ademais, as competencias autonómicas en materia de enerxía, vivenda e benestar social posicionan ás comunidades autónomas como administracións clave na loita contra a pobreza enerxética, con capacidade para deseñar políticas propias que se adapten ás realidades territoriais específicas.

Segundo os datos máis recentes do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico (MITECO), en xullo de 2025 Galiza contaba con 97.894 beneficiarios do bono social eléctrico, unha cifra que se incrementou dende os 96.043 de decembro de 2024 e que supera os 97.537 de decembro de 2023. Esta evolución reflicte un aumento real da vulnerabilidade enerxética na poboación galega.

Segundo o informe "O Estado da Pobreza en Galicia 2025" elaborado por EAPN Galicia, aínda que o indicador AROPE (risco de pobreza e/ou exclusión social) experimentou unha notable redución no 2024 ata o 18,8% (508.899 persoas), os datos relativos á carencia material e social severa e á pobreza enerxética continúan a ser alarmantes:





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

-Carencia material e social severa (CMSS): 4,8% da poboación galega (aproximadamente 130.000 persoas) en 2024, baixando dende o 8,2% de 2023. Aínda que supón unha mellora, a cifra permanece preocupante.

-Incapacidade para manter a vivenda a temperatura adecuada: 16,6% da poboación galega non pode manter a súa vivenda a unha temperatura adecuada durante os meses de inverno (datos de 2024). Isto representa aproximadamente 449.000 persoas, unha das cifras máis elevadas entre os ítems do indicador de CMSS.

-Atrasos no pago de facturas enerxéticas: 4,6% da poboación galega (aproximadamente 124.000 persoas) experimentou atrasos no pago de facturas de subministros como a luz e o gas en 2024.

-Sobrecarga nos gastos de vivenda: O 33,2% dos ingresos das persoas en situación de pobreza destínase a gastos de vivenda (incluíndo enerxía), unha cifra que aumentou 3,4 puntos respecto a 2023.

Estes datos demostran que, malia a mellora xeral dos indicadores de pobreza, a pobreza enerxética persiste como un problema estrutural que afecta a centos de miles de persoas en Galiza.

O borrador da ENPE 20262030 introduce por primeira vez unha dimensión crucial: a pobreza enerxética estival. Segundo o informe "Enmarcando la pobreza enerxética do verán" da Comisión Europea, aqueles fogares que xa sofren dificultades para quentar as vivendas no inverno enfróntanse tamén a graves carencias no verán, especialmente ante ondas de calor cada vez máis frecuentes e intensas.

Galiza carece dunha estratexia autonómica específica de loita contra a pobreza enerxética, a diferenza doutras comunidades autónomas que si desenvolveron plans propios. As medidas actuais límitanse á xestión do bono social térmico e algunhas axudas





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

AUX, sen que exista un diagnóstico territorial específico da magnitude e características da pobreza enerxética en Galiza.

O marco lexislativo europeo insta aos Estados membros a aplicar requisitos mínimos de eficiencia enerxética (MEPS) con especial atención aos edificios habitados por persoas en situación de vulnerabilidade. Do mesmo xeito que establece un enfoque integral, diferenciando entre medidas estruturais (orientadas ás causas profundas) e accións de mellora da asequibilidade a curto prazo, enfatizando a necesidade de priorizar as primeiras.

Diversas comunidades autónomas xa desenvolveron estratexias e plans propios de loita contra a pobreza enerxética que demostran a viabilidade e a efectividade deste tipo de instrumentos:

- A elaboración e aprobación dunha Estratexia Autonómica de Loita contra a Pobreza Enerxética en Galiza é urxente e necesaria por múltiples razóns.
- Obriga competencial: As comunidades autónomas teñen a responsabilidade de xestionar as medidas contra a pobreza enerxética no marco das súas competencias.
- Magnitude do problema: Case 98.000 beneficiarios do bono social eléctrico e 450.000 persoas que non poden manter as vivendas a temperatura adecuada evidencian a gravidade da situación.
- Consecuencias para a saúde: O impacto na saúde física e mental require unha resposta integral desde a perspectiva de saúde pública.
- Emerxencia climática: O aumento das temperaturas e dos episodios de calor extremo obriga a abordar a pobreza enerxética durante todo o ano.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

-Insuficiencia das medidas actuais: A falta de coordinación, os atrasos na xestión e a ausencia de medidas estruturais demostran a necesidade dun marco estratéxico integral.

-Transición enerxética xusta: A descarbonización e a transición cara enerxías renovables non pode deixar atrás ás persoas máis vulnerables.

-Optimización de recursos: Unha estratexia integral permitiría coordinar as actuacións das diferentes administracións e optimizar o uso dos recursos públicos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cal é o número exacto de persoas beneficiarias do bono social eléctrico en Galiza desagregado por provincias, concellos e categorías (vulnerables, vulnerables severos, en risco de exclusión social) para os anos 2023, 2024 e 2025?

2. Canto diñeiro transferiu o Estado á Xunta de Galiza para a xestión do bono social térmico en cada un dos anos 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025? Que porcentaxe destes fondos foi executada en cada anualidade e en que prazos?

3. Cantos beneficiarios do bono social térmico cobraron a axuda fora do prazo de tres meses desde a resolución de concesión en cada un dos anos 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025? Cal foi o prazo medio de pagamento?

4. Dispón a Xunta dun diagnóstico territorial específico sobre a magnitude da pobreza enerxética en Galiza que inclúa datos desagregados por provincias, comarcas e concellos? En caso afirmativo, cando se realizou e que indicadores se utilizaron? En caso negativo, ten previsto elaboralo?

5. Que estudos ou informes elaborou ou encargou a Xunta de Galiza sobre a pobreza enerxética na comunidade autónoma nos últimos cinco anos? Que conclusións e recomendacións se extraeron?



6. Cantas vivendas de persoas en situación de vulnerabilidade enerxética foron obxecto de actuacións de rehabilitación enerxética financiadas pola Xunta de Galiza nos últimos cinco anos? Que investimento total supuxo? Que aforros enerxéticos se lograron?

7. Dispón a Xunta dun protocolo específico de emerxencia enerxética para garantir unha resposta rápida e eficaz ante situacións de vulnerabilidade extrema? En caso afirmativo, cantas veces se activou nos últimos tres anos e con que resultados? En caso negativo, ten previsto elaboralo?

8. Cantos consumidores electrodependentes por motivos médicos están rexistrados en Galiza? Que medidas específicas de protección fronte ao corte de subministro ten establecidas a Xunta para estes consumidores?

9. Que medidas específicas ten previsto implementar a Xunta de Galiza para abordar a pobreza enerxética estival no contexto da emerxencia climática e do aumento das temperaturas e das olas de calor?

10. Que coordinación existe actualmente entre a Xunta, as deputacións, os concellos e as entidades do terceiro sector para a loita contra a pobreza enerxética? Existen mesas de coordinación ou grupos de traballo específicos? Con que periodicidade se reúnen e que resultados produciron?

11. Ten previsto a Xunta de Galiza recuperar o complemento autonómico ao bono social térmico? En caso afirmativo, con que cuantía e en que prazos? En caso negativo, por que motivos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 17/11/2025 10:55:16



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/11/2025 10:59:49**  
**Nº Rexistro: 38825**  
Data envío: 17/11/2025 10:59:49.434

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/11/2025 10:59:49**  
**Nº Rexistro: 38825**  
Data envío: 17/11/2025 10:59:49.434

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/11/2025 10:59:49

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Secundino Fernández Fernández**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o traslado do CRAEGA de Monforte a Lugo e as sentenzas xudiciais favorábeis aos traballadores.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galiza (CRAEGA), dependente da Xunta de Galiza como todos os Consellos Reguladores, foi creado no ano 1997 e desde entón é o órgano encargado do control e certificación das producións ecolóxicas en Galiza. Dende a súa creación, o CRAEGA tivo a súa sede na localidade de Monforte de Lemos, unha zona do país castigada a nivel demográfico e na cal os postos de traballo son reducidos.

Hai un tempo, coñeceuse a intención deste organismo de trasladar dita sede á cidade de Lugo en contra da opinión dos traballadores. Esta intención foi executada posteriormente polo citado CRAEGA algo que tivo unhas consecuencias considerables para o sur da provincia pola perda de postos de traballo de persoas que levan décadas traballando en Monforte e por suposto deu lugar a un proceso xudicial a instancias dos traballadores que vían vulnerados os seus dereitos.

Lembrar que o conflito entre o CRAEGA e os traballadores comezou no momento no que o consello regulador decidiu mover dun xeito totalmente cuestionábel e arbitraria a sé do consello dende Monforte a Lugo.

Asinado o día 17/11/2025 ás 11:17  
Por Secundino Fernández  
Fernández



Segundo os datos públicos o consello regulador da Agricultura Ecolóxica de Galiza tiña 12 traballadores en Monforte e a raíz deste cambio ordenou o traslado a Lugo de 9 destes traballadores e deixando 3 na oficina de Monforte.

Segundo as informacións publicadas dos nove empregados trasladados cinco presentaron denuncias xudiciais ante os tribunais.

Segundo as mesmas informacións dous xuízos xa se celebraron dando a razón aos empregados e debendo o CRAEGA restituír aos empregados ao seu posto de traballo en Monforte; quedando 3 xuízos pendentes con outros tantos empregados.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que opinión ten a Xunta de Galiza deste traslado do CRAEGA de Monforte a Lugo?
- Avalou a Xunta de Galiza este traslado do CRAEGA de Monforte a Lugo?
- Que explicación e que motivos xustifican para a Xunta de Galiza este traslado do CRAEGA?
- Tomou a Xunta de Galiza algunha decisión para parar esta decisión arbitraria?
- Coñece a Xunta de Galiza a situación creada por esta decisión arbitraria do CRAEGA?
- Vai tomar algunha decisión a Xunta de Galiza para que se restituán os dereitos dos traballadores e que foron vulnerados dun xeito flagrante?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Vai a Xunta de Galiza tomar algunha medida para combater estas medidas ilegais do CRAEGA?

- Van asumir responsabilidades e deixar o cargo as persoas que tomaron estas decisión declaradas ilegais polos tribunais?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 17/11/2025 11:17:22



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/11/2025 11:24:02**  
**Nº Rexistro: 38831**  
Data envío: 17/11/2025 11:24:02.473

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/11/2025 11:24:02**  
**Nº Rexistro: 38831**  
Data envío: 17/11/2025 11:24:02.473

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/11/2025 11:24:03

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Oscar Insua Lema**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación de inactividade do sector marisqueiro en Camariñas e o seu futuro.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación actual do sector marisqueiro en Camariñas non é de alarma, está na fase seguinte, e esta falta de recursos e de solucións sumiu ao sector na total desesperación, porque teñen a día de hoxe todas as praias pechadas para levar a acabo as actividades extractivas. Ata agora casi todos os intentos por reactivar os bancos de marisco resultaron fallidos, e nos meses de verán só unhas poucas das mariscadoras estiveron removendo os fondos para osixenar e facilitar a reprodución nun dos bancos cunha axuda de 15.000 € que non dou máis que para pagar o seguro nese pequeno período e para facer outra pequena solta de semente.

A única metodoloxía pola que están a lograr certa supervivencia do marisco é sementando a cría baixo redes, pero esa non parece ser unha vía de futuro, dado que cando proceden a soltala para que engorde, o marisco non sobrevive por razóns que aínda non se explicaron publicamente. As mariscadoras queren saber exactamente que é o que pasa, porque nas rías colindantes si hai bivalvos e na súa ría non colleron nin cinco quilos entre todas en todo o verán. As mariscadoras precisan de axuda para seguir vivindo do mar, para que a súa actividade sexa viable e para garantir a remuda xeracional nunha profesión que hoxe ve o seu futuro máis negro que doutra cor.

Asinado o día 17/11/2025 ás  
13:31  
Por Oscar Insua Lema





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O pasado mes de outubro tivo lugar en Camariñas unha xuntanza da consellería do Mar coa agrupación de mariscadoras para estudar a viabilidade da actividade marisqueira na localidade. Á reunión acudía a Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles Vázquez, e a responsable territorial na Coruña, María Cancelo. A pesar de que publicamente dixeron que era un encontro de traballo coa confraría de pescadores de Camariñas, no que analizarían as necesidades actuais dos seus membros e co fin de afondar na colaboración entre este pósito e a Administración autonómica, o certo é que tiveron unicamente unha reunión coas mariscadoras para abordar o seu futuro, e na que a responsable territorial, María Cancelo convidounas con palabras textuais a abandonar a profesión “Se fora eu , iría mirando de buscar outro traballo”.

As últimas axudas publicadas este ano para a paralización temporal das persoas mariscadoras a pé non son válidas para que se poidan acoller as mariscadoras de Camariñas, pois un dos requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria, debe ter levado a cabo unha actividade extractiva (días de actividade) de, cando menos, 120 días durante os anos 2023 e 2024, realizados nas modalidades de marisqueo xeral e/ou de recursos específicos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai elaborar un plan de viabilidade para o marisqueo a Consellería do mar en Camariñas ou vai deixar que desapareza definitivamente este sector?
- Cal foi o plan que lles contaron o día 9 de outubro ás mariscadoras na confraría de Camariñas?
- Ratifican as palabras da Responsable territorial recomendándolles ás mariscadoras buscar outro traballo?





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

-Que medidas vai adoptar a consellería do mar para que as mariscadoras manteñan uns ingresos económicos mínimos mentras teñan a prohibición de traballar nos areas de Camariñas?

- Que medidas ten previsto realizar de carácter urxente a Consellería do Mar para resolver os problemas que causan tan alta taxa de mortalidade nos areas de Camariñas si é que sabe a causa?

- Teñen na consellería algunha información previa dos estudos encargados para saber as causas de mortandade do marisco na ría de Camariñas? Están rematados eses estudos? se non están, cando teñen previsto rematar ditos estudos?

- A encomenda de xestión a SEGA era para os anos 23, 24 e 25. Finalizaron os traballos encargados a SEAGA? Cando rematan?

- Cal é o motivo polo que non se lles fixo chegar eses estudos ás mariscadoras? Por que a consellería esconde eses informes? Se tiñan un encargo de divulgalos, por que non son públicos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 17/11/2025 13:31:39



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/11/2025 13:32:56**  
**Nº Rexistro: 38835**  
Data envío: 17/11/2025 13:32:56,280

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/11/2025 13:32:56**  
**Nº Rexistro: 38835**  
Data envío: 17/11/2025 13:32:56,280

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/11/2025 13:32:56

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Alexandra Fernández Gómez**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta para garantir a Atención Primaria no Centro de Saúde de Pazos de Borbén.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os veciños e veciñas do concello de Pazos de Borbén veñen anos sufrindo as políticas agresivas de recortes da Xunta de Galiza en materia de sanidade. Nun concello que ronda os 3.000 habitantes e os 1.700 usuarios dende hai anos é habitual que se dean episodios de falla de servizo de atención primaria pola falla de médicos.

Dende o pasado 6 de novembro, a médica titular do Centro de Saúde de Pazos de Borbén atópase de baixa e a Xunta de Galiza non cubriu a praza de forma áxil. Tampouco nos períodos de vacacións se ofrece unha cobertura por parte da Consellería. Co cal, de forma sistemática, se lles está obrigando ás persoas usuarias a desprazarse e sufrir demoras na atención e a colapsar, aínda máis, outros centros sanitarios como o de Redondela.

Como xa apuntábamos, non se trata dun episodio puntual senón dunha situación que se repite e que demostran a falla de vocación da Xunta por corrixir esta situación de forma estrutural. Xa é norma que as baixas non se cubran de forma áxil, que o persoal teña que cubrir gardas fóra do concello ou que as urxencias e as visitas a domicilio deixen o centro sen atención. Todo isto apunta á necesidade urxente de contar cun reforzo do cadro de persoal.

Ademais, a isto hai que sumarlle o recorte no Servizo de Pediatría que daba servizo a 150 nenos e nenas de Pazos de Borbén e que a Xunta, aproveitando como escusa o contexto da pandemia, recortou e nunca máis recuperou. A imposibilidade de contar

Asinado o día 17/11/2025 ás  
16:27  
Por Alexandra Fernández Gómez



cunha atención continuada para as crianzas no centro de saúde máis próximo obriga forzosamente ás familias a trasladar as súas cartillas a outros centros de saúde lonxe da súa residencia.

Este peche da atención pediátrica sumado á presenza cada vez máis intermitente e precaria do médico de cabeceira evidencia que o obxectivo da Xunta é acabar por botar o peche do Centro de Saúde de Pazos de Borbén, en lugar de aportar solucións.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita

- Por que a Xunta de Galiza demora tanto para dar cobertura á baixa da profesional médica do Centro de Saúde de Pazos de Borbén?
- Considera aceptable que non se cubran as baixas con axilidade deixando a milleiros de pacientes sen atención no seu Centro de Saúde?
- Que medidas vai tomar a Xunta ante esta situación?
- Vai reforzar o cadro de persoal cun segundo profesional médico?
- Vai dotar o Centro de Saúde de atención pediátrica en horario ampliado?
- A Xunta de Galiza fixo avaliación do impacto da falla de servizo do Centro de Saúde de Pazos de Borbén na sobreesaturación dos centros de saúde e hospitais da contorna?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 17/11/2025 16:27:38



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/11/2025 16:30:26**  
**Nº Rexistro: 38842**  
Data envío: 17/11/2025 16:30:26.833

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/11/2025 16:30:26**  
**Nº Rexistro: 38842**  
Data envío: 17/11/2025 16:30:26.833

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/11/2025 16:30:27

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o compromiso da Xunta co Proxecto Nós.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A memoria que acompaña o proxecto de orzamentos para 2026 para desenvolver desde a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude detalla, entre outros obxectivos, o de “conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e maiores espazos de uso na sociedade civil do século XXI”.

Unha das vías propostas é o avance do Proxecto Nós no camiño de avanzar no necesario impulso da presenza da lingua galega no desenvolvemento dixital.

A implicación da Xunta céntrase unicamente, segundo a memoria, no deseño dunha nova campaña de captación de voz polos diferentes concellos de Galiza en colaboración coa USC e AMTEGA, como “unha oportunidade para impulsar unha Galicia mellor e unha cultura de vangarda que reforce a fortaleza do sector a través da súa lingua de comunicación”.

Con todo, sorprende que ese compromiso non apareza recollido en ningunha partida do proxecto de orzamentos.

Asinado o día 17/11/2025 ás  
18:02  
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Que compromiso económico asume a Xunta para co desenvolvemento do Proxecto Nós?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2025 18:02:34



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/11/2025 18:04:02**  
**Nº Rexistro: 38857**  
Data envío: 17/11/2025 18:04:02.245

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/11/2025 18:04:02**  
**Nº Rexistro: 38857**  
Data envío: 17/11/2025 18:04:02.245

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/11/2025 18:04:02

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/11/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 38871  
Data envío: 17/11/2025 20:04:14.204

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso; María Elena Espinosa Mangana e Patricia Iglesias Rey**, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

O CEIP Monte dos Postes, situado en Santiago de Compostela, leva tempo arrastrando unha situación que compromete seriamente a atención educativa do seu alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. A realidade actual do centro evidencia unha insuficiencia notable de profesorado especialista, que está a repercutir directamente na calidade da resposta educativa e no dereito do alumnado a recibir os apoios que precisan.

Segundo a información recollida e demandada pola comunidade educativa, o centro precisa dous especialistas adicionais de Pedagogía Terapéutica (PT) e unha especialista máis de Audición e Linguaxe (AL), imprescindibles para atender adecuadamente o alumnado diagnosticado, así como aqueloutros nenos e nenas en proceso de valoración ou con necesidades temporais de apoio.

Asinado o día 17/11/2025 ás  
19:59  
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 17/11/2025 ás  
19:58  
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

138320

28071 Madrid





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/11/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 38871**  
Data envío: 17/11/2025 20:04:14.204

A situación actual está xerando sobrecarga no profesorado existente, dificultades de organización interna, redución de tempos de intervención e, en última instancia, unha vulneración clara do principio de equidade educativa. En centros con alta complexidade, como é o caso do Monte dos Postes, a dotación de profesorado de necesidades educativas debe adaptarse á realidade e non responder a criterios puramente administrativos ou limitacións orzamentarias.

A atención á diversidade non pode seguir dependendo do esforzo e voluntariedade do profesorado, senón dunha planificación rigorosa e dun compromiso firme da administración educativa. A falta destes apoios non só afecta ao alumnado con necesidades educativas, senón ao funcionamento global do centro.

Por todo isto, resulta imprescindible que o Goberno galego adopte de maneira inmediata as medidas necesarias para reforzar o cadro profesional do CEIP Monte dos Postes, garantindo os recursos humanos que lle corresponden conforme ás súas necesidades reais.

Ante esta situación, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Ten previsto a Xunta de Galicia reforzar durante o curso 2025–2026 o cadro de profesorado especialista no CEIP Monte dos Postes para dar resposta ás necesidades detectadas?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2025





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 38871**  
Data envío: 17/11/2025 20:04:14.204

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)



**981.55.15.30**

138322

**28071 Madrid**

**@PSdeG**



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 17/11/2025 19:58:55

Silvia Longueira Castro na data 17/11/2025 19:59:03



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 38871**  
Data envío: 17/11/2025 20:04:14.204

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 38871**  
Data envío: 17/11/2025 20:04:14.204

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/11/2025 20:04:14

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 38876**  
Data envío: 17/11/2025 20:48:10.755

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

O CEIP Monte dos Postes, situado en Santiago de Compostela, leva tempo arrastrando unha situación que compromete seriamente a atención educativa do seu alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. A realidade actual do centro evidencia unha insuficiencia notable de profesorado especialista, que está a repercutir directamente na calidade da resposta educativa e no dereito do alumnado a recibir os apoios que precisan.

Segundo a información recollida e demandada pola comunidade educativa, o centro precisa dous especialistas adicionais de Pedagogía Terapéutica (PT) e unha especialista máis de Audición e Linguaxe (AL), imprescindibles para atender adecuadamente o alumnado diagnosticado, así como aqueloutros nenos e nenas en proceso de valoración ou con necesidades temporais de apoio.

Asinado o día 17/11/2025 ás  
20:47  
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 17/11/2025 ás  
20:47  
Por Aitor Bouza Manso

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

138325

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/11/2025 09:30:00  
**Nº Rexistro: 38876**  
Data envío: 17/11/2025 20:48:10.755

A situación actual está xerando sobrecarga no profesorado existente, dificultades de organización interna, redución de tempos de intervención e, en última instancia, unha vulneración clara do principio de equidade educativa. En centros con alta complexidade, como é o caso do Monte dos Postes, a dotación de profesorado de necesidades educativas debe adaptarse á realidade e non responder a criterios puramente administrativos ou limitacións orzamentarias.

A atención á diversidade non pode seguir dependendo do esforzo e voluntariedade do profesorado, senón dunha planificación rigorosa e dun compromiso firme da administración educativa. A falta destes apoios non só afecta ao alumnado con necesidades educativas, senón ao funcionamento global do centro.

Por todo isto, resulta imprescindible que o Goberno galego adopte de maneira inmediata as medidas necesarias para reforzar o cadro profesional do CEIP Monte dos Postes, garantindo os recursos humanos que lle corresponden conforme ás súas necesidades reais.

Ante esta situación, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Considera o Goberno galego que a actual dotación de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe no CEIP Monte dos Postes garante unha atención educativa axeitada ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo?
2. Que criterios emprega actualmente a Consellería de Educación para asignar profesorado de PT e AL a centros como o CEIP Monte dos Postes, e considera oportuno revisalos á vista das demandas da comunidade educativa?

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

138326

**28071 Madrid**

@PSdeG





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 38876**  
Data envío: 17/11/2025 20:48:10.755

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)



**981.55.15.30**

138327

**28071 Madrid**

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 17/11/2025 20:47:44

Silvia Longueira Castro na data 17/11/2025 20:47:52



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 38876**  
Data envío: 17/11/2025 20:48:10.755

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/11/2025 20:48:11



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 38876**  
Data envío: 17/11/2025 20:48:10.755

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonzo**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza na estación de autobuses de Ferrol.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estación de autobuses de Ferrol xa ten sido chamada na prensa local de “túnel do terror”. Tal é o estado e a impresión que provoca a calquera que por alí se achegue.

De tres portas hai dúas pechadas, a cafetería da entrada tamén está pechada, a limpeza, a iluminación, a sinalización e a información ás persoas usuarias son inexistentes ou moi deficientes.

Todos os locais comerciais dispoñíbeis están desocupados. Mentres que na banda das empresas de transporte que operan na estación a atención ao público de carácter presencial está moi limitada a unhas poucas horas diarias de luns a venres.

Estes feitos son os que caracterizan a estación de autobuses de Ferrol como “túnel do terror”, practicamente sen presenza humana de luns a venres, e sen ningunha presenza humana durante as de fins de semana, coa maioría de locais e oficinas pechadas, nunha instalación pública, como dicía, que por causa do abandono da Xunta de Galiza, non conta nin sequera co nivel de limpeza ou de iluminación necesario, e que loce unha sinalización absolutamente pobre e exclusivamente en castelán.

É claro que este abandono da instalación por parte da Xunta de Galiza, titular da mesma, repercute negativamente en primeiro lugar no servizo que debería prestar ás persoas usuarias, que moitas veces non teñen onde informarse ou facer unha reclamación,

Asinado o día 18/11/2025 ás  
10:54  
Por Ramón Fernández Alfonzo



mais tamén, en segundo lugar e con toda probabilidade debe estar pasando factura aos resultados económicos da concesión ou xestión da estación de autobuses de Ferrol, un lugar no que ningunha empresa está interesada en instalar un local comercial.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Por que a Xunta mantén abandonada a Estación de autobuses de Ferrol?
2. Cal é a empresa concesionaria da estación de autobuses de Ferrol?
3. Cales son as condicións económicas, técnicas e os prazos desa concesión?
4. Considera a Xunta de Galiza que o estado da Estación e o servizo que ofrece ás persoas usuarias é óptimo?
5. Por que razón, considera a Xunta de Galiza, que non se ocupan os locais comerciais nin a cafetería da Estación de autobuses de Ferrol? Ten a Xunta de Galiza algún balance económico da xestión da Estación? Cal é?
6. Cal é o número de persoas que usan a diario a Estación de autobuses de Ferrol? Cal é o número de persoas que usan a Estación de autobuses nas fins de semana?
7. Cantas liñas de transporte saen ou pasan pola estación de autobuses de Ferrol? Cales son e que empresas as operan?
8. Que opina a Xunta de Galiza de que moitas persoas manifesten ter medo cando teñen que ir á Estación de autobuses de Ferrol?
9. En que situación están os anunciados plans da Xunta de Galiza para dotar Ferrol dunha Estación intermodal?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/11/2025 10:54:33



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 10:56:30**  
**Nº Rexistro: 38884**  
Data envío: 18/11/2025 10:56:30.327

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 10:56:30**  
**Nº Rexistro: 38884**  
Data envío: 18/11/2025 10:56:30.327

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/11/2025 10:56:30

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ariadna Fernández González**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á inclusión da etapa educativa 0-3 anos na Consellería de Educación.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os múltiples informes ao respecto da educación infantil 0-3, evidencian que a súa importancia é indiscutible en moitos aspectos da vida das crianzas, redundando no seu desenvolvemento en idades posteriores, con influencia positiva contrastada en etapas educativas posteriores. A educación e atención de calidade en estadios temperáns de desenvolvemento senta as bases para o desenvolvemento integral do individuo, favorecendo o posterior rendemento académico, benestar, empregabilidade e integración social, especialmente para os nenos e nenas das contornas máis desfavorecidos. Mais, sendo un investimento eficiente no tocante á educación e formación, ten quizais unha importancia esencial neste servizo, o fomento da equidade a través da compensación das desigualdades tanto económicas e sociais, coma culturais e persoais.

Porén, cómpre na actualidade, ollar o servizo dende unha óptica educativa e non só asistencial coma sucedía no pasado, poñendo os medios necesarios para que empastar a conciliación e a educación sexa unha realidade, contribuíndo activamente ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual das crianzas e favorecendo ao mesmo tempo o desenvolvemento familiar, adaptándose á realidade social e laboral do noso país.

Asinado o día 18/11/2025 ás  
13:38  
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Para acadar ese obxectivo é indispensable garantir unha oferta adaptada á demanda das familias galegas, fornecendo de prazas públicas abundas o sistema, que aseguren que a gratuidade é universal, feito que actualmente non é posible nin sumando as prazas públicas e privadas do país. Do contrario estaremos ante unha repetición constante do problema que se da de xeito anual en cada novo período de matriculación, con listas de agarda con decenas de crianzas que amosan a falla de acompañamento da administración cara as familias, cunha feble intención de fomentar a igualdade e o apoio real por parte da administración.

Nesa tentativa de percibir realmente a labor educativa das escolas infantís debemos ser críticos e corrixir de xeito inmediato as condicións laborais das traballadoras e traballadores. O persoal que sustenta o servizo día a día, sofre na actualidade graves eivas tanto salariais coma de condicións de traballo, feito que os leva a situacións persoais e económicas que se evidencian no descontento que logo desemboca en paros, folgas e protestas para a mellora de ditas situacións laborais, tanto no caso da iniciativa de xestión pública coma na de xestión privada, financiadas ámbalas dúas con orzamento da Xunta de Galiza.

É polo tanto precisa a actuación do goberno galego en dous aspectos fundamentais, un no plano laboral das traballadoras das escolas infantís, promovendo un convenio galego que corrixa e adecúe a negociación das condicións de traballo á realidade autonómica do servizo para as de carácter privado e garantindo unhas condicións laborais e salariais xuntas no caso das traballadoras das escolas de xestión pública; outro, no plano máis centrado nas crianzas e nos obxectivos que debemos perseguir nesta atención educativa cara a infancia, nunha etapa de grandes cambios evolutivos nun grupo de poboación cuxa concepción dentro da sociedade mudou moito nos últimos anos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Con que motivo a etapa educativa 0-3 se atopa fóra da xestión da Consellería de Educación e se encadra na de Política Social sabendo que non se trata dun servizo exclusivamente asistencial?
2. Considera a Xunta de Galiza encadrar a etapa educativa 0-3 na Consellería de Educación? De ser así, crearase unha normativa específica dentro da Consellería de Educación para esta etapa?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 18/11/2025 13:38:52



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 13:42:18**  
**Nº Rexistro: 38893**  
Data envío: 18/11/2025 13:42:18.681

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 13:42:18**  
**Nº Rexistro: 38893**  
Data envío: 18/11/2025 13:42:18.681

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/11/2025 13:42:19

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/11/2025 16:30:00  
**Nº Rexistro: 38897**  
Data envío: 18/11/2025 14:00:41.104

Asinado o día 18/11/25  
13:56  
Por Silvia Longueira (

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Hospital Clínico Universitario de Santiago (CHUS) rexistrou unha nova situación de colapso nas súas urxencias, con momento de ata 50 persoas agardando por ingreso e algunhas delas permanecendo durante máis de 24 horas en padiolas ou cadeiras. Segundo informan os profesionais e os medios de comunicación, a saturación obrigou a habilitar espazos improvisados, incrementando o risco asistencial e deteriorando as condicións de atención e de traballo.

Asinado o día 18/11/2025 ás  
13:56  
Por Elena Espinosa Mangana

A sanidade pública é un dereito fundamental que debe garantir a igualdade real de acceso á atención sanitaria, independentemente da situación económica, do lugar de residencia ou das circunstancias persoais de cada persoa. Un sistema sanitario forte, universal e de calidade é unha condición esencial para preservar a dignidade, a saúde e a propia vida da cidadanía, e constitúe un dos piares básicos do estado do benestar. Calquera retroceso na súa calidade ou accesibilidade non só vulnera este dereito, senón que rompe as bases da cohesión social.

A situación vivida no CHUS non é un feito illado, senón a consecuencia dunha falla grave e reiterada de planificación e de reforzo dos recursos por parte da Xunta de Galicia. O colapso das urxencias é recorrente e evidencia a insuficiencia de persoal, a falta de previsión ante picos asistenciais e o progresivo deterioro da Atención Primaria, factores que derivan nun aumento das derivacións hospitalarias e nunha presión asistencial insoportable para profesionais e pacientes.

Asinado o día 18/11/2025 ás  
13:56  
Por Aitor Bouza Manso

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

138339

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa11j-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/11/2025 16:30:00  
**Nº Rexistro: 38897**  
Data envío: 18/11/2025 14:00:41.104

A xerencia da Área Sanitaria de Santiago posúe tamén responsabilidades directas pola insuficiente resposta organizativa, pola ausencia de medidas anticipatorias e pola reiteración dun colapso que se podería mitigar con reforzos adecuados e unha xestión eficaz.

Ante esta situación, o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Vai a Xunta de Galicia esixir a dimisión inmediata da xerente da Área Sanitaria de Santiago ou, no caso de que esta non se produza, ten previsto proceder ao seu cese de maneira inmediata?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

138340

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 18/11/2025 13:56:30

Elena Espinosa Mangana na data 18/11/2025 13:56:38

Silvia Longueira Castro na data 18/11/2025 13:56:47



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 38897**  
Data envío: 18/11/2025 14:00:41.104

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 38897**  
Data envío: 18/11/2025 14:00:41.104

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/11/2025 14:00:41**

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 38901**  
Data envío: 18/11/2025 16:22:51.567

Asinado o día 18/11/2025 ás 14:16  
Por Silvia Longueira (

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Hospital Clínico Universitario de Santiago (CHUS) rexistrou unha nova situación de colapso nas súas urxencias, con momento de ata 50 persoas agardando por ingreso e algunhas delas permanecendo durante máis de 24 horas en padiolas ou cadeiras. Segundo informan os profesionais e os medios de comunicación, a saturación obrigou a habilitar espazos improvisados, incrementando o risco asistencial e deteriorando as condicións de atención e de traballo.

Asinado o día 18/11/2025 ás 14:16  
Por Elena Espinosa Mangana

A sanidade pública é un dereito fundamental que debe garantir a igualdade real de acceso á atención sanitaria, independentemente da situación económica, do lugar de residencia ou das circunstancias persoais de cada persoa. Un sistema sanitario forte, universal e de calidade é unha condición esencial para preservar a dignidade, a saúde e a propia vida da cidadanía, e constitúe un dos piares básicos do estado do benestar. Calquera retroceso na súa calidade ou accesibilidade non só vulnera este dereito, senón que rompe as bases da cohesión social.

A situación vivida no CHUS non é un feito illado, senón a consecuencia dunha falla grave e reiterada de planificación e de reforzo dos recursos por parte da Xunta de Galicia. O colapso das urxencias é recorrente e evidencia a insuficiencia de persoal, a falta de previsión ante picos asistenciais e o progresivo deterioro da Atención Primaria, factores que derivan nun aumento das derivacións hospitalarias e nunha presión asistencial insoportable para profesionais e pacientes.

Asinado o día 18/11/2025 ás 14:16  
Por Aitor Bouza Manso

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

138343

28071 Madrid





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/11/2025 16:30:00  
**Nº Rexistro: 38901**  
Data envío: 18/11/2025 16:22:51.567

A xerencia da Área Sanitaria de Santiago posúe tamén responsabilidades directas pola insuficiente resposta organizativa, pola ausencia de medidas anticipatorias e pola reiteración dun colapso que se podería mitigar con reforzos adecuados e unha xestión eficaz.

Ante esta situación, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Como valora a Xunta de Galicia que situacións de colapso nas urxencias do CHUS se produzan de forma recorrente pese aos avisos dos profesionais?
2. Que medidas de reforzo de persoal puxo en marcha a Xunta de Galicia nas últimas semanas para evitar o colapso das urxencias do CHUS?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

138344

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 18/11/2025 14:16:27

Elena Espinosa Mangana na data 18/11/2025 14:16:34

Silvia Longueira Castro na data 18/11/2025 14:16:44



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 38901**  
Data envío: 18/11/2025 16:22:51.567

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 38901**  
Data envío: 18/11/2025 16:22:51.567

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/11/2025 16:22:52

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ariadna Fernández González**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a actuación da Xunta de Galiza para reducir o diferencial de prezos entre o leite galego e a media do resto do Estado e a mellora da rendibilidade das explotacións leiteiras.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos relativos ao mes de setembro deste 2025 en canto ao sector gandeiro galego dedicado á produción de leite de vaca, continúan sen agoirar boas sensacións sobre o seu futuro, alomenos do xeito en que o coñecemos. O intenso descenso no número de explotacións, que cada ano minguan vertixinosamente, baleira o noso territorio de empresas e familias de xeito preocupante, deixando espazos abandonados que empobrecen o noso entorno, aumentan o risco de incendios e reducen, aínda máis, a superficie agraria útil da que dispoñemos no país. O paso das décadas sen unha ordenación territorial eficiente tornouse nun lastre que pode deixar improdutivas hectáreas e hectáreas nun país onde a falla de terreo para as explotacións é un problema crítico.

Non menos importante é o efecto económico destes peches recorrentes que se agudizan nos últimos anos, tendo en conta que somos os primeiros produtores de leite do estado español e que iso supón case o 2% do noso PIB. A agricultura e gandería minguou ininterrompidamente nas últimas décadas, mais aínda se o comparamos con outros momentos da nosa historia, onde o sector agrario concentraba máis do 13% deste produto interior bruto e empregaba a case o 50% da poboación do país. Malia a nosa constante e alta capacidade xeradora, os datos recentes non son alentadores, con 1000 toneladas





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

menos de leite que na mesma época do 2024, chegando a 249.321 co 56% dos gandeiros e gandeiras do estado. Malia o acusado descenso, a porcentaxe amosa a grande relevancia do sector primario do país tanto no presente coma no pasado, con especial importancia no caso da produción láctea, que leva xa dende antes dos anos 60 ocupando o territorio e valéndose das súas potencialidades.

Este cese da actividade gandeira cébase especialmente coas granxas de leite de menor tamaño, cuxa estrutura e manexo lle confire unha sustentabilidade e unha tradición ao seu produto que non debemos menosprezar á hora de pensar no futuro e moito menos desestimar en canto ao seu valor no mercado, que cada máis encamiñado na busca da singularidade e o respecto polos animais e polo medio ambiente. Esta é a base da diferenciación do leite galego xerado en explotacións que conviven apegadas á terra, marcando a nosa histórica ancoraxe a esta e ao seu uso, cunha propiedade que sempre foi precisa e simultaneamente escasa. A importancia do aumento da superficie agraria dispoñible colle especial énfase se falamos en termos da necesidade de terreo ligada á rendibilidade, que lle permita á totalidade das explotacións continuar a ser competitivas no mercado, cunha menor dependencia da importación de alimentos para o gando. Este uso da superficie produtiva foi e segue sendo, polo tanto, un dos factores fundamentais á hora da viabilidade das explotacións e a súa influencia, no noso caso, considérase un lastre para que gandeiros e gandeiras sexan capaces de cultivar o máximo alimento posible, que cada vez precisamos en maior medida para garantir a produción de leite actual con independencia de insumos externos.

A actual estrutura da terra nun país con máis de 11 millóns de parcelas, ten concellos onde cada quilómetro cadrado acumula máis de 900 fincas, máis non todas as zonas son iguais. Comarcas coma a da Ulloa, Deza, Ordes, Sarria ou a Terra Chá, grandes produtoras de leite no país dende a chegada do gando frisón, teñen un minifundismo menos acusado, coa posibilidade de ser revertido dun xeito máis doado. Máis non debe ser corrixido para poder dar acceso á terra a grandes compradores, se non para que o seu uso



continúe en mans dos propietarios orixinais, sendo un instrumento de traballo que apoie e garanta a produción e polo tanto un maior asentamento poboacional ou, en todo caso, unha menor mingua do decrecemento actual que sofre en canto a habitantes. É importante sermos conscientes de que o cambio dos propietarios da terra en Galiza non é doado, con estudos que demostran que unha vez pechan as explotacións se perden centos de hectáreas de pasto e terreo fértil para cultivo de forraxe, polo minifundismo estendido, falla de accesos para a maquinaria actual ou próximos usos forestais.

É de vital importancia facer unha análise da situación do sector, non só dende o punto de vista da venda do produto e os seu diferencial de prezos, que tamén, senón dende o punto de vista da propiedade da terra e da súa ordenación, da SAU dispoñible e dos usos que se lle está dando ao territorio, ou da calidade de vida das persoas que están a desenvolver no rural e nas explotacións gandeiras galegas, onde é moi complicado atopar persoal cualificado para traballar, cun escaso aprecio social aprendido dende o pasado, ou a volatilidade de prezos e a inestabilidade dos mercados, completamente allea aos produtores e produtoras, que en moitos casos non posúen ningunha capacidade negociadora sobre a súa materia prima, relegándoos unicamente a fornecedores de leite que non teñen perspectivas claras sobre o avance da súa empresa e sobre os seus beneficios.

Nin a calidade e trazabilidade, nin tampouco a cantidade producida favorece aos produtores galegos á hora de manter uns prezos adecuados, con remuneracións por litro que sempre se atopan por debaixo da media do estado español e que deixan en moi poucas ocasións abandonan o último posto da lista de prezos. Non hai explicación posible nestes momentos para o diferencial de prezos que acumulamos no país, dado que coma xa se expuxo con anterioridade as calidades en canto a graxa e proteína superan a media española, somos referentes á hora do bo manexo e da modernización das nosas explotacións e as cantidades producidas son as maiores do estado.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Esta discriminación ao respecto dos prezos por litro que os gandeiros e gandeiras reciben do noso territorio e que a Xunta de Galiza non é quen de paliar, é parte da rutina dun sector de grandes variacións, pouca fiabilidade e inseguridade sobre os mercados que non convence á mocidade para quedar no noso rural e continuar con explotacións preparadas para funcionar, con grandes investimentos, terras asociadas e gando dunha calidade xenética altísima.

Esta fuxida do sector gandeiro vacún pon en risco grave a produción de leite galego e con iso, a produción e oferta do estado español, onde empresas lácteas, primeiros compradores e todo o tecido económico que arrodea a produción de leite, ve perigar os seus beneficios económicos e a súa estabilidade e viabilidade.

Non se trata de que os gandeiros e gandeiras desaparezan e pechen granxas, o problema é que na actualidade está a perigar o sector que arrodea ao leite e as vacas, formado por grande cantidade de pequenas e grandes empresas, incluíndo as industrias lácteas, que se ven ameazadas pola falla de materia prima que transformar e facer chegar á distribución e posteriormente a un consumidor, cunha oferta que cada vez será máis complexa de garantir dentro do estado.

As cantidades desta materia prima estratéxica non poden conservarse aos niveis que agora coñecemos en Galiza cos datos de mingua de explotacións que se repiten ano tras ano e que amosan que baixaremos das 5000 explotacións produtoras en breve. As grandes explotacións dependentes de insumos externos non serán capaces de paliar o peche das pequenas e medianas explotacións que exercen un efecto tampón tanto nas cantidades coma nos prezos recibidos polo leite e que nun prazo dunha década estarán practicamente desaparecidas a este ritmo. O acceso á terra non será doado e o sector non será o que ate agora coñecemos, cunha concentración da propiedade que non será abonda para a concentración do produto que dende a Xunta de Galiza se está a favorecer.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que accións está a levar a cabo a Xunta de Galiza para eliminar o diferencial de prezos entre o leite galego e o resto do Estado?
- . Que accións está a levar a cabo a Xunta de Galiza para eliminar o diferencial de prezos entre as pequenas e grandes explotacións?
- . Prevé a Xunta de Galiza traballar con medidas concretas na revalorización do noso produto que provén de pequenas e medianas explotacións que ocupan o noso territorio
- . Coñece a Xunta de Galiza a preocupación da industria transformadora e dos primeiros compradores ao respecto do descenso no número de explotacións en Galiza, territorio que os abastece en canto a materia prima?
- . Considera a Xunta de Galiza que está a tomar medidas eficientes para fomentar a pervivencia do sector a xulgar polos datos acumulados de peches de explotacións dos últimos anos?
- . Como pretende a Consellería favorecer o aumento de rendibilidade das nosas explotacións?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 18/11/2025 16:23:01



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 38906**  
Data envío: 18/11/2025 16:25:05.439

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 38906**  
Data envío: 18/11/2025 16:25:05.439

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/11/2025 16:25:05

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de a Xunta pór en valor para a sociedade galega o 150 aniversario da publicación da cabeceira xornalística *O Tío Marcos d'A Portela*.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 7 de febreiro de 1876 producíase en Galiza un feito histórico. Saía á rúa en Ourense o primeiro número do xornal *O Tío Marcos d'A Portela*, unha cabeceira que abría as portas ao galego na prensa escrita, unha vez iniciada a súa restauración no campo da literatura dentro do período histórico denominado como Segundo Renacemento cultural galego.

Unha cabeceira que, ao longo de tres etapas diferenciadas, primeiro cunha periodicidade quincenal e logo semanal, estendeuse até 1919, publicando case 500 exemplares ou *Parrafeos de cada número*, cunhas tiraxes que chegaron aos catro mil exemplares, o que a converteu nunha cabeceira xornalística moi popular en Galiza e entre as comunidades de emigrantes en América.

O creador e director, nas dúas primeiras épocas, foi o escritor e xornalista ourensán Valentín Lamas Carvajal, que, asemade, asinou un bo feixe de colaboracións con diferentes pseudónimos.

As súas páxinas recollen a crónica socioeconómica do seu tempo, desde unha óptica reivindicativa a favor da clase traballadora galega, da lingua galega e de Galiza,

Asinado o día 18/11/2025 ás  
17:48  
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

así como unha mostra moi relevante da creación literaria dos principais autores do Rexurdimento.

En 2016 cúmprense 150 anos da publicación do primeiro número da cabeceira xornalística *O Tío Marcos d'A Portela*, unha efemérede que para o BNG é importante pór en destaque para proxectar na actualidade e pór en valor o recoñecemento ao que foron as páxinas que sustentan a historia do xornalismo en lingua galega.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai a Xunta activar un programa de accións para dar a coñecer e pór en valor entre a sociedade galega e no exterior o legado literario e xornalístico representado pola cabeceira pioneira da prensa galega *O Tío Marcos d'A Portela*?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 18/11/2025 17:48:46



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 17:50:09**  
**Nº Rexistro: 38921**  
Data envío: 18/11/2025 17:50:09,787

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/11/2025 17:50:09**  
**Nº Rexistro: 38921**  
Data envío: 18/11/2025 17:50:09.787

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/11/2025 17:50:10

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Oscar Insua Lema**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o reparto de fondos públicos pola Xunta de Galiza entre os concellos mediante a subscrición de convenios.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema de financiación dos concellos segue esperando outro ano máis pola súa actualización, e xa van máis de vinte desde que se aprobou no 2004 o Real Decreto das facendas locais, e máis de dez dende que a Xunta dixo “blindar” o fondo base do Fondo Cooperación Local e que mantivo inmutable orzamento tras orzamento ata este ano, a pesar da subida de todos os índices de prezos de consumo e dos custes de bens e servizos.

A Xunta de Galiza anunciou que para o vindeiro ano os orzamentos inclúen uns 670 millóns de euros para o financiamento dos concellos galegos. Deses 670 Millóns de euros, só o 17,6 %, sobre uns 118 Millóns de euros se repartirán con criterios obxectivos a través do Fondo de Cooperación Local, que segundo as previsión será incrementado en 59 millóns, ata os 177 M€ unha vez que se aprobe no vindeiro ano a nova lei de administración local de Galiza. En total, poderían chegar a repartirse 177 M€, se o partido Popular cumpre co que prometeu hai unhas semanas, máis dez millóns da liquidación do ano pasado, en total 187 M€, o que supón un 27% do total que a Xunta de Galiza di que repartirá entre os concellos.

O resto de cartos, 483 Millóns de euros, o 73% do total, será repartido polas Consellerías por vía de transferencias condicionadas, ben a través de axudas

Asinado o día 19/11/2025 ás  
09:44  
Por Oscar Insua Lema





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

formalmente convocadas, ou ben mediante a subscrición de convenios cos concellos galegos cuxos obxectos son da máis variopinta índole.

As axudas condicionadas van dende a limpeza de franxas antiincendios, a compensación do canon de Sogama, as partidas polo Servizo de Axuda de Fogar (SAF), a dinamización do emprego ata axudas de Augas de Galiza para redes de abastecemento e saneamento ou proxectos relacionados co ciclo da auga, entre outros.

Sobre os convenios, cabe salientar que neste ano 2025 levan asinados arredor de 475 convenios coas entidades locais galegas, que suman un importe que supera xa os 94 Millóns de euros. Unhas cifras de récord nos últimos anos, superando incluso ao ano 2022, preparatorio das eleccións locais. A sinatura de acordos a través desta figura por parte dos diferentes organismos da Xunta de Galiza cos concellos é en moitos casos unha artimaña do Partido Popular de Galiza para desviar fondos ás entidades locais da mesma cor política sen ningún tipo de control máis que o da mera publicidade no DOG unha vez consumado no consello de goberno.

Na normativa galega non contamos con ningunha norma que regule exclusivamente a actividade convencional entre as administracións públicas, máis alá da normativa estatal disposta nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a contrario do que ocorre noutros territorios do estado que si dispoñen dela. O artigo 26 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza permite a resolución directa de subvencións, e establece o convenio como o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, e exime de cumprir o principio de publicidade e concorrencia. Mais a utilización desta figura administrativa por parte do PP é totalmente espuria e arbitraria, e escapa do estipulado nese artigo 26, pois a maioría das axudas directas que concede aos concellos non estaban previstas anteriormente de forma nominal en ningún documento público como pode ser un orzamento, e incluso chegan a canalizar mediante estes convenios, axudas





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

que foron obxecto de convocatorias publicas reguladas por unha orde, pero no que eses concellos quedaron ou ben excluídos ou non participaron, saltándose así o cumprimento dos principios de concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación que deberan rexer en calquera procedemento de calquera tipo de axuda que outorgue a administración galega.

É necesario cambiar esta técnica discriminatoria, e incorporar gran parte deste importe no Fondo Base de Cooperación local, da mesma maneira que se vai facer este ano co que chamaban fondo adicional, agora fondo transitorio, co único fin de seguir avanzando nun financiamento xusto e non condicionado da administración local que estea baseado exclusivamente en criterios públicos, obxectivos, igualitarios e que incidan directamente no custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais como o número de entidades singulares de poboación, a superficie ou o envellecemento da poboación, entre outros.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Considera o goberno galego que debe cambiar os criterios utilizados á hora de asinar os convenios cos concellos galegos ou considera que non existe ningún tipo de discriminación política?
- Ten o goberno galego coñecemento do número de convenios e importes asinados con concellos gobernados polo PP nos últimos anos? e por outros partidos distintos do PP?
- Cales son os criterios utilizados polo Consello de goberno para aprobar os convenios coas entidades locais?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Considera que o goberno galego utiliza os convenios para paliar o déficit de financiación de moitos concellos galegos?

- Cren que deberíamos dotarnos dunha normativa galega para regular a actividade convencional entre as administracións públicas como teñen outras comunidades?

- Consideran que é mellor seguir coa regulación existente para seguir repartindo axudas económicas de forma maioritaria aos concellos afíns politicamente?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 19/11/2025 9:44:27



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 09:49:38**  
**Nº Rexistro: 38927**  
Data envío: 19/11/2025 09:49:38,266

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/11/2025 9:49:38



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 09:49:38**  
**Nº Rexistro: 38927**  
Data envío: 19/11/2025 09:49:38,266

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Taibo Corsanego**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as necesidades de reformas no CEIP Graxal (Cambre).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Graxal, precisa con urxencia varias obras que son competencia da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:

- Inspección e renovación dos termos das aulas de Educación Infantil, xa que na actualidade dous deles están avariados.
- Cambio das fiestras.
- Cambio do sistema de calefacción, por motivos de eficiencia enerxética.
- Renovación dos baños antigos.
- Colocación dun segundo inodoro nos baños das aulas de Educación Infantil nas que só contan con un.

A ANPA do CEIP Graxal está a mobilizarse por diversos problemas estruturais no centro, cuxa responsabilidade asume maioritariamente o Concello de Cambre, a pesar de que aínda non lles puxo solución, especialmente no que se refire ao pavillón do centro escolar. No pavillón están a desprenderse cascallos ou partes do tellado, o que fai que non poida ser utilizado con seguridade, afectando o desenvolvemento das actividades escolares (neste pavillón impártense as clases de Educación Física) e extraescolares, co

Asinado o día 19/11/2025 ás  
12:22  
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

que isto implica tamén para a conciliación das familias. De feito, está pechado desde finais de setembro e hai uns días houbo unha mobilización cidadá para reclamar unha solución, polo que estas reformas adicionais adquiren un carácter máis urgente.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que previsións ten o goberno galego en canto ás obras para os centros de ensino para o curso 2025-2026?
- Ten previsto o goberno galego acometer as necesarias reformas no CEIP Graxal?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 19/11/2025 12:22:59



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 12:25:14**  
**Nº Rexistro: 38947**  
Data envío: 19/11/2025 12:25:14.724

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 12:25:14**  
**Nº Rexistro: 38947**  
Data envío: 19/11/2025 12:25:14.724

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/11/2025 12:25:15

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á valoración por parte da Xunta do Consello de Política Fiscal e Financeira do pasado 17 de novembro de 2025 e ás propostas que vai suxerir ao Estado.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de novembro de 2025 tivo lugar un Consello de Política Fiscal e Financeira para abordar as condicións nas que ao día seguinte aprobaría o Consello de Ministros e Ministras verbo dos Obxectivos de Estabilidade e de Débeda Pública para o período 2026-2028, afondando nun marco insuficiente e centralista que coarta o noso autogoberno e que, porén, a Xunta do Partido Popular abraza con esmero, tal e como se recolle na argumentación do Proxecto de Orzamentos para o ano 2026 que vén de presentar na Cámara.

Segundo as informacións públicas do goberno galego, nesta reunión o secretario xeral técnico e do Tesouro criticou que se desaproveitara a ocasión de actualizar o Sistema de Financiamento e manifestou unha serie de queixas verbo de propostas non aceptadas para axudar ás e aos afectados polos incendios deste 2025. Non consta nas informacións públicas o posicionamento do goberno galego a respecto doutras cuestións como os avances sobre as entregas a conta ou a situación das entidades locais coa proposta do goberno estatal e que alternativas valora a Xunta.

Asinado o día 19/11/2025 ás  
12:48  
Por Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/11/2025 12:51:35  
**Nº Rexistro: 38958**  
Data envío: 19/11/2025 12:51:35.320

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que valoración fai o goberno galego dos avances no Consello de Política Fiscal e Financeira?

Que alternativas propuxo ou vai propoñer o goberno no Consello de Política Fiscal e Financeira respecto dos principais asuntos económico-financeiros de Galiza?

Avanzou o goberno galego no diálogo respecto dunha posible quita histórica para Galiza?

Avanzou o goberno galego na negociación dos prazos e condicións das entregas a conta? Avanzou o estado unha contía satisfactoria?

Que alternativa presentou o goberno galego para o sistema de financiamento?

Que propostas fiscais demanda para as e os afectados dos incendios?

Solicitou flexibilizar o marco de déficit para os concellos afectados polos incendios? De que forma e con que resultado?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/11/2025 12:48:56



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 12:51:35**  
**Nº Rexistro: 38958**  
Data envío: 19/11/2025 12:51:35.320

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 12:51:35**  
**Nº Rexistro: 38958**  
Data envío: 19/11/2025 12:51:35.320

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/11/2025 12:51:35

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 12:54:15**  
**Nº Rexistro: 38960**  
Data envío: 19/11/2025 12:54:15.274

Asinado o día 19/11/2025 ás 12:53  
Por Silvia Longueira (

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Hospital Clínico Universitario de Santiago (CHUS) rexistrou unha nova situación de colapso nas súas urxencias, con momento de ata 50 persoas agardando por ingreso e algunhas delas permanecendo durante máis de 24 horas en padiolas ou cadeiras. Segundo informan os profesionais e os medios de comunicación, a saturación obrigou a habilitar espazos improvisados, incrementando o risco asistencial e deteriorando as condicións de atención e de traballo.

Asinado o día 19/11/2025 ás 12:53  
Por Elena Espinosa Mangana

A sanidade pública é un dereito fundamental que debe garantir a igualdade real de acceso á atención sanitaria, independentemente da situación económica, do lugar de residencia ou das circunstancias persoais de cada persoa. Un sistema sanitario forte, universal e de calidade é unha condición esencial para preservar a dignidade, a saúde e a propia vida da cidadanía, e constitúe un dos piares básicos do estado do benestar. Calquera retroceso na súa calidade ou accesibilidade non só vulnera este dereito, senón que rompe as bases da cohesión social.

A situación vivida no CHUS non é un feito illado, senón a consecuencia dunha falla grave e reiterada de planificación e de reforzo dos recursos por parte da Xunta de Galicia. O colapso das urxencias é recorrente e evidencia a insuficiencia de persoal, a falta de previsión ante picos asistenciais e o progresivo deterioro da Atención Primaria, factores que derivan nun aumento das derivacións hospitalarias e nunha presión asistencial insoportable para profesionais e pacientes.

Asinado o día 19/11/2025 ás 12:53  
Por Aitor Bouza Manso

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

138372

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa11j-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/11/2025 12:54:15  
**Nº Rexistro: 38960**  
Data envío: 19/11/2025 12:54:15.274

A xerencia da Área Sanitaria de Santiago posúe tamén responsabilidades directas pola insuficiente resposta organizativa, pola ausencia de medidas anticipatorias e pola reiteración dun colapso que se podería mitigar con reforzos adecuados e unha xestión eficaz.

Ante esta situación, o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Ten a Xunta de Galicia previsto incrementar o número de camas operativas no CHUS para evitar situacións de saturación como a acontecida? En que prazo?
2. Cantos profesionais sanitarios adicionais prevé incorporar o Goberno galego ao servizo de urxencias do CHUS nas vindeiras semanas?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

138373

**28071 Madrid**

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 19/11/2025 12:53:14

Elena Espinosa Mangana na data 19/11/2025 12:53:23

Silvia Longueira Castro na data 19/11/2025 12:53:33



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 12:54:15**  
**Nº Rexistro: 38960**  
Data envío: 19/11/2025 12:54:15.274

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 12:54:15**  
**Nº Rexistro: 38960**  
Data envío: 19/11/2025 12:54:15.274

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/11/2025 12:54:15

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López e María Carmen Rodríguez Dacosta**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A aparición e expansión de casos de dermatose nodular contaxiosa bovina (Lumpy Skin Disease) en distintas zonas do Estado e a súa proximidade ao territorio galego están a xerar unha situación de alarma, medo e incerteza no sector gandeiro da nosa comunidade.

Trátase dunha enfermidade vírica de declaración obrigatoria, de alta capacidade de propagación entre o gando bovino, con importantes consecuencias sanitarias, produtivas e económicas. Aínda que non afecta ás persoas, a súa presenza pode provocar restricións comerciais, peches de movemento e perdas directas e indirectas significativas para as explotacións.

A Xunta de Galicia adoptou algunhas medidas preventivas, entre elas a suspensión temporal das feiras e concentracións de gando, mais estas actuacións resultan insuficientes para afrontar a magnitude e as implicacións potenciais da enfermidade.

O sector gandeiro galego, especialmente o vacún de carne e de leite, vive esta situación con profunda preocupación. Reclámase maior coordinación institucional, información transparente e medidas económicas compensatorias ante o incremento de custes derivado das restricións e do impacto produtivo.

A suspensión de feiras e mercados, xunto coas limitacións ao movemento de animais, está a provocar perdas económicas, desaxustes comerciais e aumento

Asinado o día 19/11/2025 ás  
13:19  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 19/11/2025 ás  
13:18  
Por Lara Méndez López



de gastos en alimentación e mantemento dos animais, que recaen directamente sobre as explotacións.

A realidade actual require máis implicación pública, máis planificación e máis comunicación. Galicia, como unha gran potencia gandeira do Estado, precisa unha resposta firme, coordinada e previsible que dea seguridade sanitaria e económica aos produtores e confianza á cidadanía. Galicia non pode limitarse so a unha resposta pasiva nin restrinxida á prohibición de feiras. Cómpre unha estratexia integral, transparente e planificada, que combine prevención sanitaria con apoio económico e social ao sector gandeiro.

A protección da sanidade animal é tamén protección do tecido produtivo galego, da economía rural e da soberanía alimentaria. Unha política pública progresista debe anticipar riscos, acompañar ao sector e garantir que ninguén quede atrás fronte a unha crise sanitaria que ameaza un dos piares fundamentais da economía galega.

A Xunta de Galicia debe actuar con liderado, previsión e compromiso, reforzando a súa presenza e capacidade de resposta ante a dermatose nodular contaxiosa.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:



1. Contempla a Xunta de Galicia incrementar os controis sanitarios e as medidas de bioseguridade nas fronteiras interiores e exteriores da comunidade, incluíndo a restrición temporal de entrada de animais procedentes doutras comunidades autónomas afectadas ou en risco, así como o reforzo da vixilancia veterinaria nos movementos internos?
2. Esta a Xunta de Galicia a considera o incremento dos controis sanitarios e as medidas de bioseguridade nas fronteiras interiores e exteriores da comunidade, incluíndo a restrición temporal de entrada de animais procedentes doutras comunidades autónomas afectadas ou en risco, así como o reforzo da vixilancia veterinaria nos movementos internos?
3. Vai a Xunta de Galicia poñer en marcha un fondo extraordinario de compensación para indemnizar as perdas derivadas da suspensión de feiras e mercados gandeiros, para apoiar os custes adicionais de alimentación e mantemento do gando retido nas explotacións así como as perdas por sacrificio ou morte de animais afectados?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 19/11/2025 13:18:52

Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/11/2025 13:19:03



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 13:28:58**  
**Nº Rexistro: 38971**  
Data envío: 19/11/2025 13:28:58,612

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 13:28:58**  
**Nº Rexistro: 38971**  
Data envío: 19/11/2025 13:28:58,612

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/11/2025 13:28:59

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 13:44:07**  
**Nº Rexistro: 38979**  
Data envío: 19/11/2025 13:44:07,217

Asinado o día 19/11/2025 ás 13:39  
Por Silvia Longueira (

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa **escrita**.

O Hospital Clínico Universitario de Santiago (CHUS) rexistrou unha nova situación de colapso nas súas urxencias, con momento de ata 50 persoas agardando por ingreso e algunhas delas permanecendo durante máis de 24 horas en padiolas ou cadeiras. Segundo informan os profesionais e os medios de comunicación, a saturación obrigou a habilitar espazos improvisados, incrementando o risco asistencial e deteriorando as condicións de atención e de traballo.

Asinado o día 19/11/2025 ás 13:39  
Por Elena Espinosa Mangana

A sanidade pública é un dereito fundamental que debe garantir a igualdade real de acceso á atención sanitaria, independentemente da situación económica, do lugar de residencia ou das circunstancias persoais de cada persoa. Un sistema sanitario forte, universal e de calidade é unha condición esencial para preservar a dignidade, a saúde e a propia vida da cidadanía, e constitúe un dos piares básicos do estado do benestar. Calquera retroceso na súa calidade ou accesibilidade non só vulnera este dereito, senón que rompe as bases da cohesión social.

A situación vivida no CHUS non é un feito illado, senón a consecuencia dunha falla grave e reiterada de planificación e de reforzo dos recursos por parte da Xunta de Galicia. O colapso das urxencias é recorrente e evidencia a insuficiencia de persoal, a falta de previsión ante picos asistenciais e o progresivo deterioro da Atención Primaria, factores que derivan nun aumento das derivacións hospitalarias e nunha presión asistencial insoportable para profesionais e pacientes.

Asinado o día 19/11/2025 ás 13:39  
Por Aitor Bouza Manso

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

138381

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa11j-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/11/2025 13:44:07  
**Nº Rexistro: 38979**  
Data envío: 19/11/2025 13:44:07.217

A xerencia da Área Sanitaria de Santiago posúe tamén responsabilidades directas pola insuficiente resposta organizativa, pola ausencia de medidas anticipatorias e pola reiteración dun colapso que se podería mitigar con reforzos adecuados e unha xestión eficaz.

Ante esta situación, o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno galego incrementar a dotación orzamentaria da Atención Primaria da área sanitaria de Santiago para reducir derivacións ás urxencias do CHUS?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

138382

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 19/11/2025 13:39:21

Elena Espinosa Mangana na data 19/11/2025 13:39:38

Silvia Longueira Castro na data 19/11/2025 13:39:45



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 13:44:07**  
**Nº Rexistro: 38979**  
Data envío: 19/11/2025 13:44:07.217

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 13:44:07**  
**Nº Rexistro: 38979**  
Data envío: 19/11/2025 13:44:07,217

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/11/2025 13:44:07

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a urxencia de a Xunta garantir a aprendizaxe do portugués na EOI da Coruña.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Parlamentario do BNG temos denunciado en múltiples ocasións o incumprimento da Lei Paz Andrade polo goberno do Partido Popular.

Neste sentido, o BNG ten denunciado a reiterada negativa do goberno a entregar no Parlamento un informe anual do desenvolvemento da Lei Paz Andrade, aprobada en 2014, froito dunha Iniciativa Lexislativa Popular.

Para alén disto, a inacción intencionada do PP, co obxectivo de actuar politicamente como freo para desenvolver esta norma legal, constátase, ano tras ano, na ausencia total de compromiso orzamentario e na negatividade a acrecentar a oferta de prazas docentes de portugués, así como a falta de visibilidade sobre a oportunidade que representa a aprendizaxe desta lingua entre o alumnado, o que explica a falta de proxección neste sentido.

Mais nin sequera a Xunta respecta a ínfima dotación de prazas de docentes de portugués nin o dereito á aprendizaxe do alumnado, tal e como acaba de denunciar alumnado de portugués da EOI da Coruña, quen leva máis dun mes coa docente de baixa e sen ser cuberta a substitución por parte da Xunta.

Asinado o día 19/11/2025 ás  
16:54  
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Como vai garantir a Xunta a oferta de prazas suficiente e a aprendizaxe de portugués na EOI da Coruña?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/11/2025 16:54:06



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 16:54:26**  
**Nº Rexistro: 38986**  
Data envío: 19/11/2025 16:54:26.836

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 16:54:26**  
**Nº Rexistro: 38986**  
Data envío: 19/11/2025 16:54:26.836

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/11/2025 16:54:27

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/11/2025 17:04:11  
**Nº Rexistro: 38991**  
Data envío: 19/11/2025 17:04:11.772

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro e Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Concello de Cambre conta cunha estrutura educativa que dá cobertura a unha veciñanza de 24.751 habitantes. Poboación que medra paulatinamente e que é motor da comarca das Mariñas.

Cinco CEIP's e unha escola unitaria conforman a oferta educativa para máis de 1.950 alumnos de educación primaria.

Nestes centros a falta de persoal PT y AL, así como de orientadores deixa fóra de xogo ao precepto da educación inclusiva; sobre todo cando en colexios con máis de 200 alumnos, 61 nenos e nenas teñen necesidades especiais e non teñen a ratio pertinente para que a inclusión sexa unha realidade de facto.

Ao igual que noutros concellos de Galicia, este ano a Consellería de Educación non atendeu as demandas das familias con nenos e nenas de necesidades especiais. No concello de Cambre non foi a excepción. E así, no CEIP Gonzalo Torrente Ballester a falta de recursos para atender ao alumnado con necesidades especiais é máis que evidente.

Só contan con unha coidadora, medio orientador, un PT e medio AL, unha dotación claramente insuficiente para garantir unha educación inclusiva e equitativa, tal e como recolle a LOMLOE e a Carta Europea dos Dereitos do Neno.

Asinado o día 19/11/2025 ás  
17:01  
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 19/11/2025 ás  
17:01  
Por Silvia Longueira Castro

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

138389

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa11j-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/11/2025 17:04:11  
**Nº Rexistro: 38991**  
Data envío: 19/11/2025 17:04:11.772

Preto de 2.000 sinaturas avalan esta demanda, nun centro con arredor de 190 persoas entre alumnado e profesorado. Un apoio masivo que demostra que esta situación é insostible.

Por tal motivo, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cando ten pensado a Consellería de Educación rematar coa precariedade en recursos humanos nos colexios públicos da área da Coruña e en concreto, nos colexios de Cambre?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa11j-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)



**981.55.15.30**

138390

**28071 Madrid**

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 19/11/2025 17:01:13

Aitor Bouza Manso na data 19/11/2025 17:01:22



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 17:04:11**  
**Nº Rexistro: 38991**  
Data envío: 19/11/2025 17:04:11.772

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/11/2025 17:04:12



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 17:04:11**  
**Nº Rexistro: 38991**  
Data envío: 19/11/2025 17:04:11.772

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/11/2025 18:12:10  
**Nº Rexistro: 39007**  
Data envío: 19/11/2025 18:12:10.989

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O CHUAC da Coruña vai camiño de se converter nun núcleo de problemas cada vez máis difíciles de arranxar. Un dos principais que afecta tanto a doentes, persoal e empresas auxiliares é o retraso das obras que a día de hoxe, coñecemos non se terminarán até o 2031, sen que para entón estean rematados todos os procesos que o conforman.

Entre outros, un dos problemas que o afectan é o intrusismo profesional que está a acontecer desde o ano 2021 no que se crea a categoría de técnico superior en dietética que son os responsables de que as comidas das 1.500 camas cheguen aos seus destinatarios cumprindo os requisitos de alimentación que cada paciente require.

Exceptuando as quendas de almorzo e merenda, nas quendas de comida e cea existen dúas cintas para os menús. En cada unha das cintas debe existir un técnico superior de dietética que controle o pase das comidas de xeito que se adapten aos pacientes e mesmo controlen as alerxias e demais condicións alimentarias.

Mais resulta que desde que se creou a categoría, desde a xerencia do CHUAC non respectan estas directrices, sendo estes profesionais os verdadeiros responsables da xestión alimentaria, mesmo no caso de que se produza calquera erro. As funcións son feitas polos pinches e cociñeiros que, non teñen a formación específica e, por outro, lado vulneran a protección de datos dos pacientes toda vez que acceden a través dos programas informáticos ás

Asinado o día 19/11/2025 ás  
18:08  
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 19/11/2025 ás  
18:08  
Por Silvia Longueira Castro

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

138393

28071 Madrid





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/11/2025 18:12:10  
**Nº Rexistro: 39007**  
Data envío: 19/11/2025 18:12:10.989

historias clínicas dos ingresados, modifican as dietas e os pedidos, e non son persoal sanitario autorizado. Até catro pinches de cociña teñen acceso aos ordenadores correspondentes aos técnicos superiores de dietética.

Non só non cobren as prazas de técnico superior en dietética, cousa que si acontece noutros hospitais do Sergas, senón que tampouco cobren as libranzas dos que piden algún día de libre disposición. Ademais os puntos de control preventivo de seguridade alimentaria, como os APPCC (análise de perigos e puntos de control crítico) existentes en todos os hospitais, onde dan o visto bo ao proceso; no caso do CHUAC non se especifica quen o fai, sendo responsabilidade dos técnicos xa especificados.

Outra das anomalías que acontecen é que os carros das comidas de pacientes con alerxias non están radicados noutro habitáculo que por norma debe estar habilitado. Ao tempo que por veces, e debido ás obras do CHUAC, tivo que pasar o carro do lixo que botaba líquido polo chan, incumprindo a normativa hixiénico sanitaria. Este tipo de incidencia aparece por escrito no rexistro de incidencias, aínda que na unidade de dietética non hai libro de rexistro, creando en agosto de 2025 un arquivo na nube.

En resumo: un dietista para 1.400 menús e se estás nunha cinta da cociña non podemos controlar o que acontece na outra, co que o 75 por cento da dietas están sen supervisar por un dietista. O único autorizado para facela. A situación está denunciada diante da dirección de recursos humanos do Sergas. E acontece desde abril de 2021.

Polo exposto, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que explicación ten a Consellería de Sanidade ante o que está a acontecer cos menús do CHUAC?

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

138394

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 18:12:10**  
**Nº Rexistro: 39007**  
Data envío: 19/11/2025 18:12:10.989

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)



**981.55.15.30**

138395

**28071 Madrid**

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 19/11/2025 18:08:22

Elena Espinosa Mangana na data 19/11/2025 18:08:29



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 18:12:10**  
**Nº Rexistro: 39007**  
Data envío: 19/11/2025 18:12:10.989

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2025 18:12:10**  
**Nº Rexistro: 39007**  
Data envío: 19/11/2025 18:12:10.989

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/11/2025 18:12:11

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/11/2025 13:22:18  
**Nº Rexistro: 39026**  
Data envío: 20/11/2025 13:22:18.529

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O CHUAC da Coruña vai camiño de converterse nun clásico de problemas cronificados debido a falta de planificación e desinterese en afrontar tanto as incidencias derivadas dunha reforma estrutural, necesaria e xustificada como do funcionamento ordinario do complexo.

A reforma foi anunciada, e dilatada en comezar, coa suficiente antelación como para que persoal sanitario, auxiliar e administrativo contase cun plan de continxencia especificando os tempos, o proceso e as modificacións que ían acontecer durante os anos que van durar as obras do CHUAC. Pois ben, ese plan e esa información nunca chegou. Nin reunións, nin información escrita ou formación na que se especificase as fases e como ía afectar isto ao funcionamento do hospital.

Esa falta de información ao persoal -en toda a súa totalidade-, dun suposto plan de provisionalidade fai tamén que o funcionamento ordinario do CHUAC teña graves problemas á hora de acoller a doentes.

Se entramos pola planta cuarta podemos acceder libremente aos corredores onde hospitalizan ás persoas usuarias de pre ingreso. As camas con doentes están en ringleiras, pegadas á parede, sen tomas de osíxeno ou subministro eléctrico, sen baleiro de secrecións, sen carro de paradas. Sen vixilancia continua de persoal sanitario e, en xeral, expoñendo a súa intimidade tanto á hora de comunicar o diagnóstico médico como á hora de cambios de cueiros

Asinado o día 20/11/2025 ás  
13:17  
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 20/11/2025 ás  
13:17  
Por Silvia Longueira Castro

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

138398

28071 Madrid





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/11/2025 13:22:18  
**Nº Rexistro: 39026**  
Data envío: 20/11/2025 13:22:18.529

ou outro tipo elementos. Calquera persoa pode acceder á zona sen ningún tipo de pregunta ou barreira e o paciente non está vixiado.

Por outra parte as habitacións da UCI da quinta planta non teñen a dimensión adecuada para a hospitalización dos doentes. Ao facer un ingreso hai que sacar a cama ao corredor para poder facer o traslado do doente. E iso en pacientes críticos é de certa complexidade e desconforte para o paciente. E non teñen fiestras cando é un elemento beneficioso para os doentes que están ingresados.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que medidas ten previsto tomar a Consellería de Sanidade con motivo dos problemas de funcionamento que están a acontecer no Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña?

Santiago de Compostela, a 20 de novembro do 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

138399

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 20/11/2025 13:17:22

Elena Espinosa Mangana na data 20/11/2025 13:17:29



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 13:22:18**  
**Nº Rexistro: 39026**  
Data envío: 20/11/2025 13:22:18.529

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/11/2025 13:22:19



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 13:22:18**  
**Nº Rexistro: 39026**  
Data envío: 20/11/2025 13:22:18.529

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/11/2025 13:23:02  
**Nº Rexistro: 39029**  
Data envío: 20/11/2025 13:23:02.528

### Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro e Carmen Rodríguez Dacosta**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Unha vez máis a TVG sorpréndenos cun programa de “entretenemento” no que temos a oportunidade de atopar ao presentador/cantante Bertín Osborne derrochando unha simpatía mal entendida na que os valores da educación, o feminismo e mesmo a consideración e respecto por unha tradición quedan cuestionados con unha chanza torpe e falta de gracia, no que pretendía ser unha especie de humor mal xestionado.

Comentarios como “que enviasen a su casa” as mulleres que estivesen dispostas a seguir unha tradición do baño das 9 olas para acadar un embarazo, ou as referencias ao traseiro da presentadora sen ningún tipo de explicación positiva sobre o humor foron algunhas das lindezas do programa “A miña gran cidade”.

Por máis que o intentemos, desde o Grupo Parlamentario Socialista non atopamos ningún rastro de humor (intelixente) nas chanzas nas que os comentarios machistas, sen ningún tipo de ironía ou interpretación máis alá do concepto, son unha canteira de despropósitos que van desde Land Rover, Miguel Lago ou o propio Osborne e que en nada axudan a encontrar un estilo de humor irónico, intelixente e crítico.

Por riba, de habitude este humor vai contra os postulados femininos sen ningún tipo de paliativo. Entrando a desentramar o lado máis escuro e rancia do programa. Dando ademais un exemplo a unha infancia e adolescencias que as deixa completamente fóra de xogo.

Asinado o día 20/11/2025 ás  
13:19  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 20/11/2025 ás  
13:19  
Por Silvia Longueira Castro

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

138402

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa11j-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/11/2025 13:23:02  
**Nº Rexistro: 39029**  
Data envío: 20/11/2025 13:23:02.528

E, ante todo, están pagados con cartos públicos. Con cartos de todas as galegas e galegos que observan un deterioro rápido e de mirada corta na empresa da TVG.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cando pensa a directora xeral reprobar e pedir desculpas á cada vez máis escasa audiencia da TVG?

Santiago de Compostela, a 20 de novembro do 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

138403

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 20/11/2025 13:19:53

Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/11/2025 13:19:58



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 13:23:02**  
**Nº Rexistro: 39029**  
Data envío: 20/11/2025 13:23:02.528

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/11/2025 13:23:03



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 13:23:02**  
**Nº Rexistro: 39029**  
Data envío: 20/11/2025 13:23:02.528

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a protección e posta en valor da Serra do Suído.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A serra do Suído forma parte do sur da Dorsal Galega, un sistema montañoso que se estende de norte a sur de Galiza e que na provincia de Pontevedra está conformado polas serras do Candán, O Cando, O Testeiro, O Faro de Avión e O Suído.

O Suído esténdese por polos concellos de A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz ao longo de 492 km<sup>2</sup>, configurando un espazo con identidade propia, con unha historia común e con unha grande riqueza natural e cultural.

A ubicación próxima á costa e as altitudes de máis de 1.000 metros fan que esteamos ante unha das serras de maior pluviosidade de toda a península ibérica, con máis de 2.400 mm de precipitación media anual. Os ríos que nacen na serra, o Tea, o Avia e o Verdugo-Oitavén son dos mellor conservados da demarcación Galiza-Costa, tanto pola calidade das augas, pola boa conservación das ribeiras e pola variedade de flora e fauna.

A orografía, o clima, a paisaxe, a historia fan da serra do Suído un espazo de extraordinarios valores ambientais, culturais e sociais que é necesario preservar e dinamizar no seu conxunto, prevendo impactos que alteren os equilibrios e fomentando actividades sustentábeis e creadoras de valor engadido.

Asinado o día 20/11/2025 ás  
13:36  
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2. Atendendo a riqueza ambiental e á súa importancia para a preservación da biodiversidade, nos anos 2008 e 2011 iniciáronse senllos procedementos para a declaración de parte da serra do Suído (aproximadamente 110 km<sup>2</sup>) como Lugar de Importancia Comunitaria e a conseguinte inclusión na **Rede Natura 2000**, iniciativas que non chegaron a concluírse malia as demandas da Comisión Europea para que se protexesen hábitats de interese prioritario presentes na serra. No ano 2008 tamén se iniciou o procedemento para a ampliación do LIC Rede Natura 2000 Río Tea coa inclusión do Alto Tea, sen que tamén neste caso chegase a facerse realidade a declaración.

No Suído e Alto Tea existen 12 tipos de hábitats de interese comunitario (Directiva Hábitats), dos cales 4 son de interese prioritario (en risco de desaparición): as turbeiras altas activas (7110\*), os bosques aluviais de amieiros e freixos (91EO\*), as matogueiras húmidas atlánticas ((4020\*)) e os bosques de ladeiras, desprendementos ou barrancos (9180\*).

No ano 2023, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural desvelou a existencia nesta zona dun **espazo ben conservado en estudo**, o que foi motivo para o informe negativo do proxecto Coto das Airas:

*“Neste momento, están en estudo na Dirección Xeral de Patrimonio Natural distintos espazos ben conservados (do que este forma parte) que reúnen, ademais de importantes valores ambientais, a presenza de turbeiras e hábitats asociados que poderían formar parte da Rede Galega de espazos protexidos. Neste estudo, ademais da cartografía detallada dos hábitats, están presentes cuestións como a conectividade das especies e o mantemento das condicións dos equilibrios hídricos, fundamentais neste tipo de formacións vexetais.*



*Por outro lado, está tramitándose actualmente un volume importante de proxectos de desenvolvemento eólico que se superpoñen con estes espazos e que se amosan incompatibles coa conservación dos valores naturais presentes neles, o que representa un factor de perturbación que ameaza de modo significativo o seu estado de conservación e as obrigas de conservación e as obrigas de conservación que debe atender a Xunta de Galicia.*

*En consecuencia, en aplicación do artigo 46.1 da lei 5/2019, de 2 de agosto, de patrimonio natural e a biodiversidade de Galicia, procede informar negativamente o proxecto de parque eólico sobre o que se solicita informe co obxecto de eliminar este factor de perturbación, da mesma maneira que se fixo con outros parques eólicos da contorna”.*

3. A serra do Suído e o Alto Tea atesouran un grande número de **formacións de turbeira**, hábitat de grande interese para a biodiversidade e para a prevención e mitigación do cambio climático. As turbeiras funcionan como reguladoras do ciclo hidrolóxico, xa que actúan como unha especie de esponxas que reteñen a auga da chuvia e vana liberando gradualmente. Caracterízanse pola presenza dunha grande variedade de flora e fauna, entre a que se inclúen especies en perigo de extinción.

En total están rexistradas 53 formacións de turbeira que ocupan unha superficie total de 80,8 ha. A maior parte destas formacións sitúanse na cabeceira da conca do Oitavén-Verdugo (32). O río Tea e os seus afluentes suman un total de 20 formacións de turbeira mentres que na cabeceira do Avia só se rexistra unha (O Pozo Novo). O 78% destas formacións están situadas nos concellos da Lama e O Covelo.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

|          | Número | Superficie               |
|----------|--------|--------------------------|
| O Covelo | 23     | 31,4 ha (38,8% do total) |
| A Lama   | 16     | 32 ha (39,6%)            |
| Fornelos | 10     | 11,4 ha (14,2%)          |
| Mondariz | 2      | 5,2 ha (6,4%)            |
| Avión    | 2      | 0,8 ha (1%)              |

A parroquia de Campo (O Covelo) é a que rexistra un maior número de de turbeiras, denominadas “porcas”, que ocupan un total de 20 hectáreas.

Unha parte destas turbeiras aparecen recollidas no *Inventario de humidaís de Galiza* (2003). No ano 2017 formulouse unha proposta para declarar as brañas e turbeiras do Suído como Humidal protexido e como humidaís incluídos na listaxe internacional Ramsar (*Conservación e xestión dos humidaís en Galicia*, IBADER, 2017, ®Pablo Ramil-Rego, Luís Gómez-Orellana e Javier Ferreiro da Costa editores).

No ano 2023 a Xunta fixo pública a RESOLUCIÓN do 27 de febreiro de 2023, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se inclúen catrocentas zonas húmidas no *Inventario de zonas húmidas de Galicia*. Nesta resolución inclúense 62 zonas húmidas situadas no Suido, das que a maior parte (55) corresponde a ecosistemas de turbeira.

O Informe sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Natural dentro do procedemento de impacto ambiental do parque eólico Carballoso (xaneiro de 2023) sinala o seguinte:



*“Neste espazo, aparte dos valores de avifauna e morcegos sinalados, están presentes formacións turbosas, cuxa protección é necesaria por diversos motivos. Entre eles os seguintes:*

*As turbeiras son formacións de grande relevancia tanto desde unha perspectiva biolóxica como polos seus valores paleoambientais, ecolóxicos, de xeodiversidade, etnolóxicas e culturais. Tamén son importantes para a reconstrución da dinámica e ambiental do Pleistoceno-Holoceno no contexto internacional.*

*Debe destacarse que as turbeiras teñen unha escasa representación a nivel mundial, diminuindo drasticamente a súa presenza ao diminuír a latitude. (...)*

*É por isto que a grande responsabilidade que recae sobre a comunidade autónoma de Galicia na conservación destes ecosistemas non admite discusión”.*

4. En relación coa **afección á paisaxe**, cómpre ter en conta que o Catálogo das Paisaxes de Galicia inclúe a Serra do Suído como **Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP \_08\_15)**, polo que se deberá estar ao disposto na Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia, e nas Directrices da Paisaxe. Resulta evidente que a construción de até 16 parques eólicos e as súas correspondentes infraestruturas van ter un enorme impacto visual na paisaxe da serra.

Por este motivo, o Instituto de Estudos do Territorio informou negativamente o proxecto eólico Puza (retramitado máis tarde como Hedreira) polo Impacto crítico na Área de Especial Interese Paisaxístico AEIP Serra do Suído, tal como se recolle na Declaración de Impacto Ambiental desfavorábel:

*“os oito xeradores do parque eólico Puza, sumados aos correspondentes parques eólicos en tramitación e os parques eólicos xa existentes en funcionamento,*





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

*producirían un moi intenso impacto visual (neste sentido crítico, para os efectos do artigo 33.1.d) do Regulamento da Lei 7/2008), por canto serían visibles desde amplas superficies incluídas na delimitación da AEIP Serra do Suido, afectando de forma irreversible o carácter dunha área de especial interese paisaxístico, a paisaxe da Serra do Suido, sen que esa afección visual poida ser reducida nin mitigada mediante ningunha medida correctora”.*

Na Declaración de Impacto Ambiental desfavorábel ao proxecto do parque eólico Mancelo (situado nos concellos do Covelo, A Caniza e Avión) faise referencia ao informe do Instituto de Estudos do Territorio:

*“Segundo a análise de visibilidade, os aeroxeradores serán visibles dende a meirande parte da superficie nun radio de 5 km, a cal coincide en grande medida coa AEIP Serra do Suído. Esta elevada visibilidade proxéctase cara ao norte e o sur, limitando esta visibilidade nas outras direccións a propia serra do Suido na que se sitúa así como na serra do Faro de Avión. O tramo aéreo da liña de evacuación tamén terá unha gran incidencia visual na propia AEIP Serra do Suido, así como na AEIP Río Deva”.*


En relación co proxecto eólico Coto das Airas (retramitado como Carballoso), a Dirección Xeral do Patrimonio Natural emitiu o seguinte informe no ano 2021:

*“Ten moita importancia o feito de que, de levarse a cabo este parque eólico, teríamos unha barreira que se estende de Sur a Norte desde a Serra do Faro ata a Serra do Suído ocupando esta unha lonxitude de máis de 20km, o que nos pode dar unha idea do gran impacto ambiental que isto significa. Considérase necesario coñecer o alcance real dos custos ambientais xerado polo conxunto dos parques eólicos ubicados xa na zona e os novos que se pretenden por en funcionamento.*



*Este impacto é singularmente daniño para as aves tendo en conta que o parque eólico sitúase dentro dunha área prioritaria para a avifauna ameazada”.*

En relación coa **protección da avifauna ameazada**, o visor de conservación da natureza da Xunta permite comprobar que a maior parte desta zona forma parte das “Áreas prioritarias avifauna ameazada” e das “Zonas protección avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión”.



Na Declaración de Impacto Ambiental desfavorábel do parque eólico Laxabranca (situado nos concellos de Avión, Beariz e A Lama) inclúese referencia ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural:

*“O parque eólico atópase nunha ADE cun alto nivel de ocupación polos parques eólicos Monte Seixo Cando e a súa ampliación, Serra do Cando e a súa ampliación. Asimesmo, o parque atópase no límite ADE, quedando contigua a outra que tamén*





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

*presenta o parque de Paraño Oeste a unha distancia similar aos anteriores. Esta situación afonda no efecto barreira/baleiro xa constituida en grande medida polos parques referidos anteriores.*

*Tamén hai que destacar do estudo preoperacional de avifauna a importante avifauna sensible aos parques detectada, como Buteo buteo, Falco tinnunculus, Circus pygargus (especie catalogada e nidificante na zona) Circaetus gallicus. A importancia da avifauna confirmada no estudo preoperacional xa foi determinada cando se incluíu parte da zona afectada polo proxecto dentro das áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas de alta tensión.*

*Por todo o sinalado despréndese un alto nivel de ocupación e saturación nunha área restrinxida e incremento notable no afianzamento do efecto barreira/baleiro, nun entorno con especies sensible e catalogadas. Do anterior determínase que se xerará un efecto sinérxico e acumulativo de impactos, principalmente de tipo baleiro e/ou barreira sobre a avifauna, incompatible coas necesidades destas poboacións.*

*O informe conclúe que, á vista dos antecedentes, da análise da deocumentación e dos datos achegados polo Servizo de Patrimonio Natural de Ourense, considérase que o efecto sinérxico e acumulado sobre a avifauna e os quirópteros sería un impacto ambiental crítico. Por todo iso, conclúese que o proxecto presenta impactos acusados sobre o patrimonio natural e a biodiversidade, e por tanto, emítse informe desfavorable”.*

5. Nos últimos anos a Xunta de Galiza está a tramitar 16 parques eólicos na Serra do Suído, no Alto Tea e no Faro de Avión. A maiores, nos últimos meses comezou a tramitación de proxectos eólicos de competencia estatal, algún dos cales son -como se sinala máis arriba- re tramitacións de proxectos que inicialmente eran de competencia autonómica.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Segundo datos do Rexistro Eólico de Galiza con data 17.12.2021, citados no informe da DX de Patrimonio Natural en relación co parque eólico Carballoso, no ámbito de 25 km deste proxecto (ámbito que se ten en conta a efectos de impacto paisaxístico) hai construídos 13 parques eólicos; en funcionamento, autorizado ou en obras, 20; en trámites previos 25, e sen acceso á rede de evacuación 6. **En total suman 73 proxectos e 728 aeroxeradores.**

Estamos a tempo de frear esta xigantesca desfeita, que responde a intereses alleos e non ás necesidades do noso país e do territorio afectado. Calquera planificación do desenvolvemento de enerxías renovábeis debe facerse contando coa participación dos concellos e a veciñanza, debe respectar os valores ambientais e culturais do territorio, e os propios informes aprobados por organismos da Xunta que alertan do impacto destes proxectos e prevén a súa protección.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Considera o goberno galego que están suficientemente protexidos os valores ambientais da serra do Suído, no que existen 12 hábitats de interese comunitario, dos cales 4 son de interese prioritario?
2. En que medida considera o goberno galego que a tramitación de 16 parques eólicos pode poñer en risco espepecies e hábitats sobre as que existe un mandato de protección e conservación pola Comisión Europea?
3. Fixo o goberno galego unha avaliación conxunta dos impactos da construción de todos os parques eólicos e as súas infraestruturas nos hábitats de interese prioritario da serra do Suído?





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

4. Ten previsto o goberno galego aprobar a protección da serra do Suído e do Alto Tea baixo a figura da Rede Natura 2000?

5. Que plans de actuación desenvolveu ou prevé desenvolver a Xunta para a protección e conservación dos humidais e das turbeiras do serra do Suído?

6. Que actuacións prevé desenvolver a Xunta para a protección da Área de Especial Interese Paisaxístico da Serra do Suído?

7. Que actuacións prevé desenvolver o goberno galego para a protección dos recursos hídricos e dos ríos da serra do Suído e Alto Tea?

8. Ten previsto o goberno galego informar negativamente os proxectos eólicos da serra do Suído e do Alto Tea para evitar o risco de destrución irreversible de especies e hábitats de interese comunitario e de interese prioritario?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 20/11/2025 13:36:22



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 13:42:10**  
**Nº Rexistro: 39036**  
Data envío: 20/11/2025 13:42:10.795

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/11/2025 13:42:11



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 13:42:10**  
**Nº Rexistro: 39036**  
Data envío: 20/11/2025 13:42:10.795

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/11/2025 16:45:12  
Nº Rexistro: 39041  
Data envío: 20/11/2025 16:45:12.385

Asinado o día 20/11/2025 ás 16:43  
Por Elena Espinosa N

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso, Carmen Rodríguez Dacosta e María Elena Espinosa Mangana**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

É coñecedora a Xunta de Galicia de algunha incidencia ocorrida no reparto realizado o día 18 de novembro de 2025 no marco do proceso de acoplamentos do departamento de costura do CHUS?

Asinado o día 20/11/2025 ás 16:43  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Santiago de Compostela, a 20 de novembro de 2025

Asinado o día 20/11/2025 ás 16:43  
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

138418

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/11/2025 16:43:26

Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/11/2025 16:43:31

Elena Espinosa Mangana na data 20/11/2025 16:43:37



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 16:45:12**  
**Nº Rexistro: 39041**  
Data envío: 20/11/2025 16:45:12.385

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 16:45:12**  
**Nº Rexistro: 39041**  
Data envío: 20/11/2025 16:45:12.385

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/11/2025 16:45:12

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso, Carmen Rodríguez Dacosta e María Elena Espinosa Mangana**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Coñece a Xunta de Galicia se houbo algún caso de acoso laboral no departamento de costura do CHUS?
2. En caso afirmativo, que medidas adoptou?

Santiago de Compostela, a 20 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/11/2025 16:43:45

Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/11/2025 16:43:54

Elena Espinosa Mangana na data 20/11/2025 16:44:02



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 16:45:58**  
**Nº Rexistro: 39044**  
Data envío: 20/11/2025 16:45:58,777

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 16:45:58**  
**Nº Rexistro: 39044**  
Data envío: 20/11/2025 16:45:58,777

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/11/2025 16:45:59

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Carmen Rodríguez Dacosta e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que protocolo se aplica no CHUS no caso de que se detecte un caso de acoso laboral?
2. En caso de que exista, a quen lle corresponde velar por que se cumpra o citado protocolo?

Santiago de Compostela, a 20 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/11/2025 16:40:13

Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/11/2025 16:40:19

Elena Espinosa Mangana na data 20/11/2025 16:40:28



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 16:46:41**  
**Nº Rexistro: 39047**  
Data envío: 20/11/2025 16:46:41.774

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 16:46:41**  
**Nº Rexistro: 39047**  
Data envío: 20/11/2025 16:46:41.774

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/11/2025 16:46:42

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/11/2025 17:33:11  
**Nº Rexistro: 39064**  
Data envío: 20/11/2025 17:33:11.873

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Galicia vive hoxe unha emerxencia habitacional que afecta a milleiros de mozos e mozas, familias e persoas traballadoras que non poden acceder a unha vivenda digna a prezos asumibles. O rexistro único de demandantes non deixa de medrar ano tras ano, ao tempo que a Xunta do Sr. Rueda continúa acumulando baixas taxas de execución orzamentaria nas partidas destinadas á vivenda, limitando a capacidade real de resposta ante esta situación.

A recente oportunidade aberta pola Comisión Europea, que permite reorientar antes do 31 de decembro os fondos FEDER non executados, supón un mecanismo extraordinario para impulsar políticas eficaces de vivenda pública. Esta posibilidade pode marcar a diferenza entre actuar con determinación fronte á emerxencia habitacional ou, pola contra, perder unha oportunidade histórica para reforzar un dereito básico como é o acceso á vivenda.

Dende o Partido Socialista comprobamos, a través dos contactos institucionais que mantivo o noso voceiro parlamentario, José Ramón Gómez Besteiro, en Bruxelas, que as e os responsables comunitarios sinalan con claridade a importancia de que os territorios aproveiten esta xanela de oportunidade. Nesas xuntanzas abordouse a necesidade de avanzar non só na execución de nova vivenda social, senón tamén en reforzar as políticas de rehabilitación e en poñer en marcha un Banco de Alugueiro que permita mobilizar vivenda baleira, frear as infravivendas e combater a especulación inmobiliaria.

Asinado o día 20/11/2025 ás  
17:28  
Por Carlos López Font

Asinado o día 20/11/2025 ás  
17:28  
Por Aitor Bouza Manso

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

138427

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa11j-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/11/2025 17:33:11  
**Nº Rexistro: 39064**  
Data envío: 20/11/2025 17:33:11.873

Así mesmo, ponse o foco na necesidade de incrementar de maneira substancial os fondos europeos destinados á vivenda pública, asegurando que as novas promocións se manteñan de forma permanente no parque público e contribúan a ampliar a oferta dispoñible a prezos asumibles.

No entanto, para que Galicia poida aproveitar esta xanela de oportunidade, a Xunta debe actuar con urxencia, dotándose dun plan claro de reprogramación dos fondos europeos non executados e orientándoos ás áreas prioritarias, como a construción de vivenda pública, a mobilización de vivendas baleiras, a rehabilitación e eficiencia enerxética, o reforzo dun parque público estable de alugueiro e o impulso de iniciativas que permitan baixar os prezos e ampliar as oportunidades de emancipación xuvenil.

Nun contexto no que medran os demandantes de vivenda e diminúe a capacidade executiva do Goberno galego en materia residencial, non é aceptable deixar perder recursos europeos que poderían contribuír a ofrecer respostas reais nun momento crítico.

Ante esta situación os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Está disposto o Goberno galego a priorizar a vivenda como destino principal dos fondos FEDER non executados, tendo en conta a emerxencia habitacional existente en Galicia?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

138428

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 17:33:11**  
**Nº Rexistro: 39064**  
Data envío: 20/11/2025 17:33:11.873

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

**28071 Madrid**

138429

**@PSdeG**



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/11/2025 17:28:39

Carlos López Font na data 20/11/2025 17:28:45



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 17:33:11**  
**Nº Rexistro: 39064**  
Data envío: 20/11/2025 17:33:11.873

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 17:33:11**  
**Nº Rexistro: 39064**  
Data envío: 20/11/2025 17:33:11.873

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/11/2025 17:33:12

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Neste contexto, a situación do CEIP Castelao de Ordes é especialmente preocupante. Trátase dun centro cunha infraestrutura que conserva, en boa parte, os materiais orixinais cos que foi construído nos anos 50, o que evidencia a necesidade dun proxecto serio de modernización e posta ao día. A continuación, detállanse as principais deficiencias identificadas pola comunidade educativa e pola ANPA.

O CEIP Castelao arrastra deficiencias estruturais moi relevantes, que afectan tanto ás instalacións interiores como aos espazos exteriores. Entre elas destacan os problemas de fontanería —con incidencias graves nos baños de infantil e irregularidades na calidade da auga— e o deterioro do pavimento do patio, que presenta riscos evidentes para o alumnado e dificulta o seu uso en condicións seguras durante boa parte do ano.

Ademais, o centro precisa melloras urxentes en materia de accesibilidade universal, xa que mantén barreiras arquitectónicas e carece de elementos de

Asinado o día 20/11/2025 ás  
17:20  
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 20/11/2025 ás  
17:20  
Por Aitor Bouza Manso



accesibilidade cognitiva e sensorial. A isto súmase a necesidade dunha revisión en profundidade das cubertas, debido á preocupación existente pola posible presenza de amianto e ao evidente desgaste dos materiais actuais.

Finalmente, todas estas deficiencias, sumadas ao deterioro xeral do inmovible, fan inviable calquera actuación parcial. O CEIP Castelao precisa unha intervención integral, programada, financiada e executada pola Xunta de Galicia, que permita asegurar que o centro cumpre cos estándares mínimos dunha educación pública de calidade no século XXI.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten previsto o Goberno galego acometer unha rehabilitación integral do CEIP Castelao de Ordes, dada a gravidade das deficiencias estruturais e funcionais descritas pola comunidade educativa?
2. Considera o Goberno galego aceptable a continuidade da situación actual do centro, especialmente en relación cos problemas de hixiene nos baños de infantil, o risco de caídas no patio e as barreiras arquitectónicas existentes?

Santiago de Compostela, a 20 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/11/2025 17:20:41

Silvia Longueira Castro na data 20/11/2025 17:20:46



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 17:33:38**  
**Nº Rexistro: 39066**  
Data envío: 20/11/2025 17:33:38,901

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/11/2025 17:33:39



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 17:33:38**  
**Nº Rexistro: 39066**  
Data envío: 20/11/2025 17:33:38,901

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Neste contexto, a situación do CEIP Castelao de Ordes é especialmente preocupante. Trátase dun centro cunha infraestrutura que conserva, en boa parte, os materiais orixinais cos que foi construído nos anos 50, o que evidencia a necesidade dun proxecto serio de modernización e posta ao día. A continuación, detállanse as principais deficiencias identificadas pola comunidade educativa e pola ANPA.

O CEIP Castelao arrastra deficiencias estruturais moi relevantes, que afectan tanto ás instalacións interiores como aos espazos exteriores. Entre elas destacan os problemas de fontanería —con incidencias graves nos baños de infantil e irregularidades na calidade da auga— e o deterioro do pavimento do patio, que presenta riscos evidentes para o alumnado e dificulta o seu uso en condicións seguras durante boa parte do ano.

Ademais, o centro precisa melloras urxentes en materia de accesibilidade universal, xa que mantén barreiras arquitectónicas e carece de elementos de

Asinado o día 20/11/2025 ás  
17:20  
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 20/11/2025 ás  
17:20  
Por Aitor Bouza Manso



accesibilidade cognitiva e sensorial. A isto súmase a necesidade dunha revisión en profundidade das cubertas, debido á preocupación existente pola posible presenza de amianto e ao evidente desgaste dos materiais actuais.

Finalmente, todas estas deficiencias, sumadas ao deterioro xeral do inmovible, fan inviable calquera actuación parcial. O CEIP Castelao precisa unha intervención integral, programada, financiada e executada pola Xunta de Galicia, que permita asegurar que o centro cumpre cos estándares mínimos dunha educación pública de calidade no século XXI.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Pode confirmar o Goberno galego se existe presenza de amianto nalgunha das cubertas do CEIP Castelao de Ordes e, de ser así, cal é o calendario previsto para a súa retirada segura?

Santiago de Compostela, a 20 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/11/2025 17:20:53

Silvia Longueira Castro na data 20/11/2025 17:20:59



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 17:34:31**  
**Nº Rexistro: 39072**  
Data envío: 20/11/2025 17:34:31.922

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 17:34:31**  
**Nº Rexistro: 39072**  
Data envío: 20/11/2025 17:34:31.922

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/11/2025 17:34:32

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Neste contexto, a situación do CEIP Castelao de Ordes é especialmente preocupante. Trátase dun centro cunha infraestrutura que conserva, en boa parte, os materiais orixinais cos que foi construído nos anos 50, o que evidencia a necesidade dun proxecto serio de modernización e posta ao día. A continuación, detállanse as principais deficiencias identificadas pola comunidade educativa e pola ANPA.

O CEIP Castelao arrastra deficiencias estruturais moi relevantes, que afectan tanto ás instalacións interiores como aos espazos exteriores. Entre elas destacan os problemas de fontanería —con incidencias graves nos baños de infantil e irregularidades na calidade da auga— e o deterioro do pavimento do patio, que presenta riscos evidentes para o alumnado e dificulta o seu uso en condicións seguras durante boa parte do ano.

Ademais, o centro precisa melloras urxentes en materia de accesibilidade universal, xa que mantén barreiras arquitectónicas e carece de elementos de

Asinado o día 20/11/2025 ás  
17:17  
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 20/11/2025 ás  
17:17  
Por Aitor Bouza Manso



accesibilidade cognitiva e sensorial. A isto súmase a necesidade dunha revisión en profundidade das cubertas, debido á preocupación existente pola posible presenza de amianto e ao evidente desgaste dos materiais actuais.

Finalmente, todas estas deficiencias, sumadas ao deterioro xeral do inmovible, fan inviable calquera actuación parcial. O CEIP Castelao precisa unha intervención integral, programada, financiada e executada pola Xunta de Galicia, que permita asegurar que o centro cumpre cos estándares mínimos dunha educación pública de calidade no século XXI.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno galego incorporar nos vindeiros Orzamentos unha dotación orzamentaria específica destinada a financiar a intervención integral que o CEIP Castelao de Ordes precisa con urxencia?

Santiago de Compostela, a 20 de novembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/11/2025 17:17:11

Silvia Longueira Castro na data 20/11/2025 17:17:17



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 17:35:46**  
**Nº Rexistro: 39077**  
Data envío: 20/11/2025 17:35:46.137

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 17:35:46**  
**Nº Rexistro: 39077**  
Data envío: 20/11/2025 17:35:46.137

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/11/2025 17:35:46

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/11/2025 17:58:36  
**Nº Rexistro: 39086**  
Data envío: 20/11/2025 17:58:36,743

Asinado o día 20/11/2025 ás 17:56  
Por Silvia Longueira (

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey, Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Dende que nos anos 60 se levou a cabo a construción do dique que deu paso ao recheo da Xunqueira do Lérez en Pontevedra, e a creación de equipamentos coma o CEIP A Xunqueira 1, as inundacións destes terreos foron recorrentes, sobre todo nos momentos nos que coinciden fortes episodios de choiva con mareas altas.

Estes episodios veñen sendo máis frecuentes nos últimos anos polo aumento do nivel do mar, derivado do cambio climático, o que fai que suba o nivel freático e provoque aínda máis problemas nos equipamentos situados na Xunqueira.

O caso máis destacado e repetido destas inundacións prodúcese no CEIP A Xunqueira 1, no que na última década espazos coma o comedor, o patio e o pavillón foron asolagados en varias ocasións. A última vez o pasado día 14 de novembro de 2025.

Á vista desta situación recorrente e tendo en conta o art. 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), que dispón que o municipio exercerá como competencias propias: «La conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial», sendo por tanto a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia a autoridade competente da construción, reforma e reparación destes edificios, tal e como se recolle no art.

Asinado o día 20/11/2025 ás 17:56  
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 20/11/2025 ás 17:56  
Por Paloma Castro Rey

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

138444

28071 Madrid





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 17:58:36**  
**Nº Rexistro: 39086**  
Data envío: 20/11/2025 17:58:36,743

7 do Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Ten previsto o goberno da Xunta algún tipo de actuación para previr as inundacións no patio, pavillón e comedor do CEIP A Xunqueira 1 en Pontevedra?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

138445

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/11/2025 17:56:37

Aitor Bouza Manso na data 20/11/2025 17:56:45

Silvia Longueira Castro na data 20/11/2025 17:56:51



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 17:58:36**  
**Nº Rexistro: 39086**  
Data envío: 20/11/2025 17:58:36,743

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 17:58:36**  
**Nº Rexistro: 39086**  
Data envío: 20/11/2025 17:58:36,743

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/11/2025 17:58:37

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey, Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Os centros educativos situados no rural galego desempeñan un papel fundamental na cohesión territorial, na igualdade de oportunidades e na fixación de poboación.

A presenza dun sistema educativo público forte e dotado de recursos suficientes é unha condición imprescindible para garantir o futuro das comarcas máis afectadas polo reto demográfico.

Até o presente curso, o CEIP Avelino Cachafeiro de Soutelo de Montes no Concello de Forcarei e o CEIP de Cerdedo no Concello de Cerdedo-Cotobade, contaban cunha profesora ou profesor de Pedagogía Terapéutica (PT) compartido, que proporcionaba apoio educativo esencial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

O goberno da Xunta sen ningún motivo técnico nin social decidiu a supresión deste recurso deste servizo, o que supón unha perda significativa para ambos centros, que ven incrementada a dificultade de ofrecer unha atención personalizada e de garantir a inclusión educativa.

A diminución de persoal especializado en centros rurais non só afecta ao rendemento académico do alumnado, senón que transmite un sinal negativo ás familias e ao conxunto da comunidade, contribuíndo á perda de servizos, ao deterioro da vida local e, en última instancia, ao despoboamento.





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 18:27:36**  
**Nº Rexistro: 39096**  
Data envío: 20/11/2025 18:27:36.742

O rural galego precisa políticas activas que o protexan, non decisións que profundicen a súa vulnerabilidade.

Por todo isto, considérase imprescindible que a Xunta de Galicia repoña con urxencia a praza de PT retirada e que adopte medidas ambiciosas para asegurar que os centros rurais poidan desenvolver o seu labor educativo con dignidade e estabilidade.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que criterios empregou a Consellería para retirar neste curso a praza de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) que até agora compartían o CEIP Avelino Cachafeiro de Soutelo de Montes e o CEIP de Cerdedo, sabendo que esta decisión deixa sen o apoio educativo necesario ao alumnado con necesidades específicas nestes dous centros rurais?

2. Ten previsto a Xunta de Galicia repoñer de inmediato a citada praza de PT, garantindo que ambos centros contén co persoal especializado suficiente, e que medidas vai adoptar a Consellería para evitar que o rural continúe sendo discriminado na dotación de recursos educativos respecto dos centros urbanos?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2025

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

138449

**28071 Madrid**

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/11/2025 18:25:48

Aitor Bouza Manso na data 20/11/2025 18:25:56

Silvia Longueira Castro na data 20/11/2025 18:26:02



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 18:27:36**  
**Nº Rexistro: 39096**  
Data envío: 20/11/2025 18:27:36.742

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/11/2025 18:27:36**  
**Nº Rexistro: 39096**  
Data envío: 20/11/2025 18:27:36.742

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/11/2025 18:27:37

CSV: BOPGDSPG-wCC7qa1lj-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

